

A AA.VV. do Couto
desmárcase das
festas que
organiza Jácome

Páxina III



Reúnese a
comisión do
Plan Especial
das Burgas

Páxina IV



Asociación
cultural Os
Lolailos, premio
de Os Maíos

Páxina V



Unión Deportiva
Ourense ascende
a Segunda
Federación

Páxina VI



A Cañiza
presenta o
seu balance

Páxina XVIII



“Abandono” de
Telefónica no
Monte
Santa Trega

Páxina XXII



Letras Galegas 2025: Cantareiras e Ano Castelao

Páxinas VIII a XVI

Zona Franca reforza
a proxección
comercial exterior

Páxina XXIV



Restaurante A ROLA

Carta: bacallau á portuguesa, Ameixas mariñeira, Anguías, Lenguado; Chuleta tenreira. Cocido os domingos.

Menú do día 12 euros. Fin de semana 16 euros.
Abrimos todos os días.

Tfno. 613 74 99 37
Complexo Turístico O Corgo. Mugueimes. Muíños. Ourense

OURENSE

Donativos de 50 pesetas por pedra e 25 por ladrillo para levantar o santuario de Fátima

A construción do templo, encargada en 1946 polo bispo Francisco Blanco Nájera (quen fundara a parroquia ese ano) e cuxa autoría corresponde ao arquitecto Manuel Conde Fidalgo, comezou coa colocación da primeira pedra no mes de xaneiro de 1948. Efectuouse unha ampliación en 1954 e concluíron as obras o 29 de abril de 1962, cando se produciu a súa consagración e foi oficialmente inaugurado, aínda que dita inauguración non se chegou a considerar como tal ata o 13 de maio, día en que tivo lugar a coroación da talla da Virxe de Fátima que preside a capela maior por parte de Fernando Quiroga Palacios, arcebispo de Santiago de Compostela.

En 1949, o crego Xosé Álvarez González empezou a dirixir a parroquia ata 1990, tomando a iniciativa de involucrar aos habitantes na construción do santuario, durante cuxo proceso xa se celebraban oficios relixiosos. Para iso establecéronse varios donativos, entre eles unha doazón de 50 pesetas por cada pedra e de 25 por cada ladrillo, rexistrándose á súa vez os datos dos benefactores.

Tamén se procedeu á recolección e venda de botellas, trapos, metais e papel, colaborando os veciños do barrio en función das súas posibilidades e efectuándose así mesmo a entrega de pezas realizadas en ouro e prata, algunhas destinadas á elaboración da coroa da talla da Virxe. Mediante diversos afeños e útiles do

fogar achegados por veciños da zona, recadáronse 5 quilos de ouro, 50 quilos de prata e 1.800 quilos de cobre, ademais de bronce e níquel, sendo os metais posteriormente fundidos e empregados no mobiliario do templo

Sumado ao anterior, co fin de manter informados os fregueses achega do avance das obras, Álvarez editou desde 1952 e por máis dunha década o boletín "A mensaxe de Fátima" ademais de fundar unha confraría e dúas escolas parroquiais. En 1957, a estrutura de pedra xa estaba terminada, sendo o templo declarado Santuario Diocesano Votivo da nosa Señora de Fátima polo papa Xoán XXIII en 1959 e concluíndo as obras finalmente tres anos despois.



Santuario de Fátima no barrio do Couto.

Semana cultural en Albor

A Sociedade Cultural, Artística Recreativa e Deportiva Albor, do Couto, prepara a semana cultural que se celebrará desde o día 26 de maio ata a 1 de xuño.

O luns 26 inaugura a semana o doutor Miguel Ángel Abad ofrecendo unha charla polo serán. Ao día seguinte, as enfermeiras do Centro Médico Nova Santos abrirán un taller de primeiros auxilios. O día 29 ofrecerá un concerto a agrupa-

ción musical Somos Nós, de Celanova. Un grupo teatral de Allariz porá en escea "Os vellos non deben namorarse."

A tarde do día 29 estará ocupada pola escola musical de Bieto Blanco Gándara. O venres e o sábado, días 30 e 31, ao solpor ofreceranse petiscos aos asociados e o día 1 de xuño abrirase un mercadillo de trueque con moeda propia para efectuar as compras.



Maika, Maite, Pachi e Juankar (Directiva).

A OFICINA
Bar de pinchos

Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.

988 31 80 83
Rúa Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

vinoteca
Cotrozo

Bo café e excelentes viños na mellor compañía

Rúa Francisco de Moure, 11 (O Couto)
Tfno. 988 61 81 41. OURENSE

TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

Café Maio

988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE

A asociación veciñal desmárcase das festas que organiza Jácome



Vista do Couto desde a Ponte Vella sobre o río Miño.

A asociación de Veciños do Couto este ano non quere colaborar nin estar involucrada “de ningunha maneira” na celebración das festas do barrio. “Non participamos na revista de festas, nin no saúda, nin na procura de pregoeiro. Sempre había algunha actuación musical da banda musical e agrupacións de pandereiteiras e tradicionais da sociedade Albor, algo que non sucederá este ano”, indicou o seu presidente, José Delgado.

Neste sentido, asegura que a entrada nas festas do alcalde provocou “a creación dunha nova asociación para a organización da celebración, chamada ‘Asociación cultural Festas do Couto’, e temos moitas dúbidas de cómo actúa esta asociación”.

Pon de manifesto que a nova asociación que organiza as festas está composta únicamente por tres persoas. Delgado asegura que esta situación chocoulles, xa que levaban encargándose dos festexos desde 1970. “A asociación Albor encargábase dunha tradición de décadas no Couto que agora cambia”.

Indica que as festas do ano pasado non tiveron o impacto que esperaban os establecementos comerciais e houbo descontento porque parte importante dos festexos desprazáronse a unha zona de Os Remedios. “Desde a asociación quereíamos seguir sempre coas festas, e agora pérdese un pouco parte da tradición que resucitou Albor”, sinalou Delgado.

Día do Neno nas Festas do Couto

O Concello de Ourense organiza as Festas do Couto 2025, que se desenvolverán desde o día 15 até o 19 de maio, con media ducia de actuacións musicais, unha exhibición de drons e a presenza das tradicionais barracas festivas, entre outras propostas para todo tipo de públicos.

O programa prevé estes actos: xoves, 15 de maio, ás 23.00 horas actuación da orquestra Combo Dominicano. Ao día seguinte ás once da noite actuación do grupo Cuarta Calle. O sábado, 17 de maio, Día das Letras Galegas, haberá tres espectáculos: concerto de Luar na Lubre (20.00 a 21.30 horas), gran espectáculo de drons (23.30 horas) e actuación da



Divertimento na Praza da Chave do Couto.

orquestra Horizon the show, de 0.00 a 2.00 horas. O domingo, día 18, actuará a Orquestra Cinema e a xornada do lúns será o Día do Neno coas atraccións das barracas festivas á metade de prezo.

XIII edición de Correndo polo Couto

Aníbal Pereira, concelleiro de Deportes, presentou unha nova edición do circuito de carreiras Correndo por Ourense, organizada polo Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, que fai este ano 13 edicións. Na presentación estivo acompañado dos colaboradores na organización, o xerente do Consello Municipal de Deportes e o representante da Federación Galega de Atletismo, Eladio Rosales.

A pimeira carreira foi o 27 de abril polas rúas do barrio do Vinteún. A seguinte cita será no barrio do Couto, o 24 de maio. De seguido terá lugar a carreira Ourense Centro, o 7 de xuño; o 29 de

xuño, o Trail Oira - San Tomé, seguirán a de Mariñamansa, o 7 de setembro; a da Ponte o 28 de setembro para rematar na Carballeira, o 19 de outubro.

Correndo polo Couto será ás 22.00 horas con saída desde a rúa Dali. Sairán primeiro os Pitufos (nados no ano 2018 e posteriores). Logo faránno os corredores Sub 10 (nados nos anos 2016 e 2017) e os Sub12 (nados nos anos 2014 e 2015). Seguirán os Sub14 (nados nos anos 2012 e 2013) e os Sub16 (nados en 2010 e 2011). Ás 22.30 tomarán a saída os corredores Sub18 (2008-2009) e a carreira Absoluta cos corredores nados no ano 2007 e anteriores.

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 – 660047602
info@adegavella.com

O ESCALÓN DO MECO
Tapería

Instagram
@oescalondomeco

Felices Festas do Couto

Rúa Murillo, 28. O Couto. Ourense.

Mesón do Manolo

Menú diario: 14 euros
Menú fin de semana: 18 euros.

Carta: cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)
Polbo de Pulpería Ruzo todos os días

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OURENSE

Concurso de pinchos en xuño con moitas novidades

O concurso de pinchos de Ourense incorporará moitas novidades na súa edición deste ano, que terá novas datas, premios, categorías e iniciativas para promocionar a hostalería local. O Concello de Ourense quere relanzar este concurso, polo que este ano organizará e patrocinará directamente a actividade, que habitualmente subvencionaba, e introducirá cambios relevantes.

A primeira das novidades serán as datas: o concurso desenvólvese no mes de xuño, desde o venres, día 13, até o sábado, 21, coincidindo coa semana das Festas de Ourense, que transcorrerán desde o día 18 ao 22. Os prezos dos pinchos deberán estar entre 2,50 e 4 €.

Os premios incrementaranse na



Presentación do concurso da edición 2025.

categoría de Pincho Creativo e haberá tamén distincións aos mellores Pinchos Clásicos, coa finalidade de recoñecer e promocionar as mellores delicatessens permanentes da cidade. Tamén haberá premio ao mellor Pincho Celíaco e ao mellor Pincho Estético.

Os premios serán ponderados, mezcla entre o voto popular e o do xurado profesional, e a gran gala de premiados será o domingo 22, compaxinando lugar e momento coa última actuación musical das Festas de Ourense, antes da tirada dos fogos artificiais.

Campionato de mus

Hotel Balneario de Laias, no concello ourensán de Cenlle, foi o escenario da celebración do II Campionato de Mus Xunta de Galicia-Ourense Termal. Participaron un centenar de museiros e o delegado territorial da Xunta, Manuel Pardo.



Plan Especial das Burgas



A reunión da comisión de seguimento do Plan Especial do Sitio de Interese Histórico das Fontes Termais das Burgas e do conxunto de interese histórico da cidade de Ourense (PEPOU) celebrouse despois de tres anos sen convocarse.

Os responsables municipais confirmaron trala revisión do expediente que sequera se iniciara a tramitación do documento e que fora imposible a contratación da nova cartografía por erros na redaccións dos pregos, “a pesar de que todos os grupos avalamos as distintas modificacións de crédito nos últimos anos para que se procedera a súa contratación”, segundo os

socialistas.

“A nosa valoración desta reunión é que refrendamos o noso apoio á continuidade no inicio da tramitación deste plan especial, mais lamentamos e censuramos a inactividade política do goberno de Democracia Ourense durante estes tres últimos anos e a súa falta de iniciativa, ademais da derivación de responsabilidades nos funcionarios municipais previamente encargados deste traballo, que sufriron o desmantelamento da oficina técnica do PERI e o acinamento das súas dependencias na Concellería de Urbanismo”, destaca a portavoz dos e das socialistas, Natalia González.

CENTRAL MUS BAR

Desayunos. Pinchos. Tapas. Comidas y cenas por encargo.

Tfno. 677 43 88 14 Juan XXIII, 29 bajo. OURENSE

barallete

Selección de tapas variadas

Rúa Lepanto, 23 Casco Vello. Tfno. 648 016 392. Ourense

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

a barbería

TAPERÍA

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

Cantos de Taberna e da Foliada

A Asociación A Maquinadora, activadora de proxectos e ideas, organiza para finais do mes de maio os Cantos de Taberna na zona vella de Ourense.

Estes cantos son pezas de musical tradicional moi antiga de orixe descoñecida, que se transmitiu oralmente de xeración en xeración. Interpretouse sempre en ambientes festivos e lúdicos.

Os Cantos de Taberna son unha tradición que percorre toda Galicia. En Pontevedra celebranse todas as fins de semana dos meses de febreiro, marzo, abril e maio. Durante estas xornadas festivas, grupos de músicos percorren os bares e tabernas entoando cancións populares, desde coplas tradicionais ata composicións máis contemporáneas.

O alalá é o canto máis representativos da identidade e a alma galegas. Aínda que contan con similitudes con outras formas de música popular da Península, esta música en galego distínguese delas, desde a súa orixe, que conta, entre outras, con raíces celtas.

Ademas da "Muiñeira" hai outras danzas



Maravallada, Cantos de Taberna en Pontevedra.

e cantos populares, entre eles destacan: os alalás, as pandeiradas, xota galega, e outras moitas.

Alba Soto, da asociación organizadora, comenta que catro grupos musicais participarán en "Hai que cantar" que se iniciará na Praza do Ferro de Ourense ao solpor. Daquela os catro grupos levarán estas manifestacións sonoras, música e danza tradicionais polas rúas da zona vella para interpretar as súas cancións ás portas dos establecementos de hostalería.

Esta será a sexta edición en Ourense. A primeira vez foi no ano 2014 pero logo por causa da pandemia e outras circunstancias non chegou a celebrarse de xeito continuado.

Asociación cultural Os Lolailos primeiro premio de Os Maíos

Oxurado da Festa do Maíos 2025, logo de avaliar os 61 participantes, e escoitar as coplas, acordou conceder os seguintes premios: Maio artístico: Primeiro premio (1.000 €): "Fonte da Praza do Ferro" (Asociación Cultural Os Lolailos). Segundo (800 €): "A Pulpeira" (Oscar López González). Terceiro (600 €): "A Matanza" (AVV. San Martiño Sobral).

Maio enxebre: Primeiro (700 €): "Andén Primeiro" (Asociación Recreativa e Cultural Andén Primeiro). Segundo (500 €): "Porta da Primavera" (Serman Pedro Fernández). Terceiro (400 €): "Patrimonio de Toén" (Asociación. Amigos Patrimonio de Toén).

Maio infantil: Primeiro (500 €): "AFA Limiar Manuel Sueiro" (AFA Manuel Sueiro). Segundo (300 €): "O Areal ao Natural" (ANPA O Areal). Terceiro (200 €): "Maio Scout" (Asociación Grupo Scout ILEX 365).

Maio creativo: Premio (500 €): "O Maio Migrante 2025" (Asociación Provienda).

Coplas de persoas adultas: Primeiro (500 €): Bernardo Xosé Marques Rodríguez.

Segundo (300 €): Asociación Provienda. Terceiro (200 €): Asociación Cultural A Galleira.

Coplas infantís: Primeiro (500 €): Asociación Grupo Scout ILEX 365. Segundo (300 €): Uxía Afonso Crespo. Terceiro (200 €): Ceip Plurilingüe As Mercedes.



Fonte da Praza do Ferro, primeiro premio.



BAR ORELLAS

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE



Galicia Gourmet

25 años haciendo amigos
Seguimos trabajando para ti...

Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia
Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense
648 49 67 56 www.productosdeg Galicia.com



OTROSTO

RÚA LEPANTO, 10.
OURENSE



Bar Orellas
O AUTÉNTICO desde 1953

988 22 50 39
Rúa da Paz, 6
Ourense

OURENSE

O alcalde felicita á Unión Deportiva Ourense polo ascenso a Segunda Federación

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, felicitou á Unión Deportiva Ourense pola súa excelente temporada 2024/2025, na que se proclamou campión da liga de fútbol de Terceira Federación e obtivo o ascenso á categoría de Segunda Federación.

O alcalde, acompañado polo presidente do Consello Municipal de Deportes, Aníbal Pereira, recibiu no salón de plenos o presidente, Fernando Currás, o adestrador, Borja Fernández, a directiva e os xogadores do equipo ourensán, nun acto ao que acudiron representantes de todos os grupos po-



Os deportistas cos representantes políticos no Concello de Ourense.

líticos con representación no Concello (DO, PP, PSdeG-PSOE e BNG).

O alcalde expresou a súa felicitación ao equipo ourensán por esta exitosa temporada: “grazas polo que conseguistes, que esperamos que se consolide e vaia a máis. Realmente é gran logro e un orgullo que esteades aquí”. Unhas felicitacións ás que se sumou o presidente do CMD, Aníbal Pereira, quen expresou a ledicia pola excelente traxectoria do equipo e o seu ascenso a categoría nacional: “déstelo todo e estamos orgullosísimos”, manifestou. Pereira avanzou que agora, para o equipo “vén unha época na que

é o momento de consolidar o proxecto nunha categoría bonita e a partir de aí seguir soñando. Será unha 2ª RFEF apaixonante, e tédenos a todos aquí”.

O alcalde rematou o acto asegurando que desde o Concello “sempre imos estar cos ourensáns. Ogallá vos poidades manter na categoría de 2ª RFEF, ogallá poidades ascender a 1ª RFEF, ogallá algún día poidamos tentar soñar co fútbol profesional da Segunda e Primeira División. Nós sempre imos estar apoiando a todos os deportistas ourensáns coma vós. Esperamos vervos aquí o ano que vén”, concluíu Pérez Jácome.

Un orgullo para toda a provincia e un exemplo de cómo lograr un sueño

Luis Menor Pérez, presidente da Deputación, recibiu no salón de plenos da Deputación á directiva, equipo técnico e plantilla da Unión Deportiva Ourense, logo do seu ascenso á 2ª RFEF. Menor rememorou “os nervios e a emoción” que viviron durante o encontro, disputado na

Coruña, onde se certificou que os ourensáns eran os flamantes campións da 3ª RFEF.

Menor sinalou que a UD Ourense “é un orgullo para toda a provincia e o exemplo de cómo lograr un sueño con moito traballo, esforzo e sen atallos” e garantizou tamén que “a Deputación sempre estará

ao carón deste proxecto que nos representa a todos”.

Fernando Currás, presidente da Unión Deportiva Ourense, agradeceu “o apoio constante” da institución provincial ao conxunto ourensán e proclamou que “sere-mos esixentes e ambiciosos para seguir medrando”.



A Unión Deportiva Ourense na Deputación provincial.

acouBAR
Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

NOVO ENTRIMO
Estrella Galicia CAFE BAR NOVO ENTRIMO
698 152 840
641 460 838 . Rúa Velázquez . O Couto. Ourense

NOVO ENTRIMO
Luns: Costela ao forno.
Martes: Fabada.
Mércores: Guiso.
Xoves: Mollejas de polo.
Venres: Carne richada.
Sábado: Callos.
Domingo: Orella.
Racións, bocadillos, pratos combinados e para levar.

Afouteza TABERNA
Entrantes, tablas, tostas, ensaladas, huevos rotos, brochetas, ternera, pescados, arroz meloso y a la cazuela. Postres
Tfno. 611 18 27 93
Instagram: @afoouteza.
Rúa Lepanto, 14. Ourense.

Torremolinos
Café - Bar
Felices Festas do Couto
Tlf. 988 231 107
Marcelo Macías, 35. OURENSE

Sahara Occidental: Marrocos intensifica a ocupación mentres a comunidade internacional mira cara a outro

As últimas noticias relacionadas co Sahara Occidental confirman o que o pobo saharauí leva décadas denunciando: a ocupación marroquí recrúase con total impunidade, mentres as potencias internacionais e organismos responsables de facer cumprir o dereito internacional prefiren mirar cara a outro lado ou, peor aínda, colaborar activamente.

Voos de Ryanair: normalizar a ocupación desde o aire

Uno dos feitos máis alarmantes foi o anuncio de voos directos de Ryanair desde Madrid e Lanzarote a Dajla, cidade saharauí baixo ocupación. A Fronte Polisario denunciou estes roteiros como ilegais, pois se realizan sen o seu consentimento e contribúen á normalización dunha ocupación militar que segue sen resolverse desde o punto de vista xurídico internacional.

Lonxe de ser unha simple conexión aérea, estes voos enmárcanse nunha estratexia de lexitimación da ocupación mediante o turismo, a economía e a propaganda, silenciando á poboación saharauí e alzando sobre as súas ruínas unha falsa imaxe de progreso.



Mapa de AEMET: submisión española á chantaxe marroquí

A aparición dun mapa publicado pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), onde o Sahara Occidental figura como parte de Marrocos, acendeu as alarmas. O grupo parlamentario Sumar esixiu explicacións, lembrando que ese territorio non pertence legalmente ao Reino de Marrocos e que España segue sendo potencia administradora de iure.

Este tipo de xestos, que desde o Goberno Español téntase maquillar como “erros técnicos” ou meras “cuestións administra-

tivas”, teñen un impacto político devastador e contribúen á narrativa marroquí que pretende borrar ao pobo saharauí do mapa. **Expulsións: Marrocos non quere testemuñas**

Nas últimas semanas, produciuse a expulsión de varios xornalistas e representantes políticos españois e europeos que viaxaban ao Sahara Occidental para coñecer de primeira man a situación do territorio e a súa poboación. As forzas de ocupación marroquí negáronlles o acceso ou os obrigaron a abandonar a zona sen explicacións claras.

Estes feitos, cada vez máis frecuentes, demostran que Marrocos non só reprime á poboación saharauí, senón que tamén impide que se saiba a verdade. A mensaxe é clara: “quen pretenda contar o que ocorre, será expulsado”.

A pasividade dos gobernos europeos ante estas violacións da liberdade de prensa e do dereito de representación política é alarmante. Onde está a firmeza diplomática cando se vulneran dereitos fundamentais nun territorio que segue sendo considerado “non autónomo” pola ONU?

Economía colonial: investimento para o espolio

Mentres tanto, Marrocos segue desenvolvendo proxectos económicos no Sahara ocupado como o criadeiro de robaliza e dourada en Dajla, presentado como unha aposta pola sustentabilidade. A realidade é outra: unha explotación de recursos naturais nun territorio ocupado sen o consentimento do pobo lexítimo ao que pertencen.

É o modelo clásico do colonialismo: extraer riqueza mentres se marxina e reprime á poboación local.

Resistencia fronte ao silencio

O pobo saharauí continúa resistindo desde os campamentos de Tinduf, desde os territorios ocupados e desde a diáspora. Fronte á propaganda, mantén viva a súa loita polo dereito á autodeterminación e a independencia.

A comunidade internacional, e en especial España, como potencia administradora, ten a obriga moral e xurídica de actuar. Cada voo, cada mapa manipulado, cada expulsión de observadores ou xornalistas, é un paso máis cara á lexitimación dun réxime autoritario que ocupa pola forza un territorio que non lle pertence.

Calar é colaborar.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Un modelo eléctrico centralista e desaquelado

Despois de seis días dende o grande apagamento seica vanse clareando algunhas dúbidas a respecto da hipotética existencia dun ciberataque ou calquera outra caste de ataque exterior. Semella, pola contra, que as causas alicézanse na falla de axuste da moi aumentada produción renovábel, nomeadamente solar, a respecto das capacidades limitadas de almacenamento e estabilización da mesma por un sistema falto de investimentos e modernizacións esenciais. A loita polo relato atópase arestora na disputa de se as distribuidoras privadas (que tamén colonizan os postos medios e medio altos de REE, a xestora estatal do sistema eléctrico) son responsábeis, por omisión dos precisos investimentos, destes problemas de estabilización e almacenamento ou se o goberno do estado é o responsábel por lle dar moito pulo á produción renovábel sen esixir ou prover simultaneamente estas solucións de estabilización (vía nucleares segundo o PP e mailo lobby desta enerxía) ou almacenamento.

Mais dende Portugal e Galicia os expertos están xa a ollar cara ás particulares características do sistema ibérico de produción e distribución eléctrica como responsábeis



deste grande apagamento. O goberno portugués decidiu recuperar a xestión do seu sistema eléctrico, suspendendo o intercambio de enerxía co estado, disque temporalmente. Por outra banda, dende Galicia ponse o foco na desaquelada estrutura, ao tempo illada e centralista deste sistema ibérico de xeración e distribución de enerxía eléctrica. Por unha banda case desvencellado do resto das redes europeas. Por outra banda baseando a garantía do consumo na área de Madrid e outras non produtoras en custosos sistemas de transporte que lles levan a electricidade dende as afastadas infraestruturas que posibilitan a produción.

O sistema eléctrico español está artellado

sobre un esquema centralista, como o sistema radial das estradas españolas dende os primeiros Borbóns do século XVIII ou o actual sistema en rede da alta velocidade ferroviaria, refractaria aos eixos mediterráneo, cantábrico ou atlántico. O sistema eléctrico español é a expresión máis requintada dese Estado que adoita criticar Anxo Quintana: o Estado cun único cerebro que-seica- é quen de albiscar todo e decidir todo, no canto do moito máis democrático e eficiente Estado en rede. Porque REE é un monopolio estatal (maquillado a medio da saída a Bolsa do 80% do capital sen ningunha caste de dereitos políticos, monopolizados polo goberno de Madrid) que subordina toda a produción (esa produción da que Galicia achega case o 9% estatal, malia ter pouco máis do 5,4% do PIB) ás necesidades dese deep state estado centralista que prioriza devolverlle a luz a Madrid no canto de llela devolver a Galicia, produtora e exportadora por volta do 40% da enerxía eléctrica que produce.

Xa que logo, o modelo eléctrico español alicérase en facer depender toda a poboación peninsular do estado dunha única chave, por resumirmos o cadro. E mesmo no caso dun apagamento, ese estado e ese deep state (da que os cadros directivos de REE son un nido exemplo) castiga unha Galicia seica destinada ao sacrificio enerxético (producir en grande medida para as necesidades doutros, mesmo xerando

elevados custos ambientais, de saúde pública e tamén de subordinación doutras actividades económicas localmente máis beneficiosas) neste modelo que pariron para beneficiar a outros territorios.

Entón, cómpre abrimos o grande debate da autonomía enerxética de Galicia. Un debate, evidentemente, no que hai que falar de priorizarmos a produción a carón do consumo a respecto do transporte, mais, por riba de todo, a necesidade de sermos, polo menos cosoberanos, a respecto do noso sistema de produción e distribución eléctrica. Un sistema que deberá estar conectado cos restantes sistemas europeos, mais que non pode permitir que, sufrindo as resultas dun exceso de produción ao que non se nos deixa tirar proveito, perdamos a subministración por non termos a chave do aparello e sexamos os derradeiros en recuperala.

Por certo, saben vostedes algo do que pensa o presidente Rueda e o PPdeG deste grave problema? Supoño que, sexa como for, terán que lle preguntar á ponla de dereitas dese deep state que, canda a ponla de esquerdas do mesmo, definiron esta e outras tantas estruturas estatais pensadas sempre na recentralización do estado e nos intereses do capitalismo do BOE contra dos intereses galegos.





Fina Casalderrey. Membro de número da Real Academia galega e coordinadora de Primavera das Letras

Vaia por todas elas!

*Chamáchesme moreniña,
éache co po da eira.
Xa me verás o domingo
coma a rosa na roseira.*

Esta cantiga forma parte dun repertorio reunido por un grupo de ensinantes —coa colaboración do alumnado— do CPI Santa Lucía¹, no Concello de Moraña. Recordamos labores do campo que moitas mulleres, fortes coma carballas, desempeñaron durante séculos. Mulleres que entremedias, cando a faena o permitía —debullando ou esfolando o millo, fiando...— ou unha vez rematada esta, aínda gardaban folgos para argallaren foliada con cantos transmitidos polas súas devanceiras ou mesmo improvisados para a ocasión. Aquelas merendas na mesma leira, na eira, no alpendre onda a lareira, levaban o compango da poesía ao que se refería Celso Emilio². O acompañamento musical con tarrañolas, pandeiretas, cunchas de vieira, botellas de anís, testos... adoitaba quedar para as ruadas dos días de troula.

A raíz da entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística de 1983 —que permitiu, por fin, a incorporación do galego nas escolas—, foi cando moitos mestres e mestras, nunha sorte de fervedoiro de entusiasmo contaxioso, comezamos a recoller cantigas que na maioría dos casos só estaban na memoria oral das avoas e bisavoas para, entre outras cousas, publicármolas na revista escolar. Viñamos de experimentar grandes e recentes descubrimentos sobre o noso legado cultural —despois dun longo período de ventás cegas á liberdade en “feliz” ignorancia—, e queríamos seguir o ronsel dos eruditos etnógrafos que estábamos a achar

(Sarmiento, Rosalía, Casto Sampedro, Perfecto Feijoo, Bouza Brey, Lois Tobío, Cabanillas, A. Fraguas...), na maioría dos casos con fins exclusivamente pedagóxicos. Avalado por diferentes publicacións, Manuel Rico é un deses mestres que investigou sobre a música tradicional para a levar ás aulas.

Recuperar cantigas que estaban a piques de se perderen foi como apañar amorodos ventureros, dos que nacen espontáneos onda os regueiros e os valados: gozoso e sabedeiro. Entre aqueles cantos populares había verdadeiras alfaías poéticas nun galego xenuíno. A gran maioría das informantes eran mulleres que xa non traballaban exclusivamente no campo —os tractores, e outro tipo de maquinaria gobernada en boa parte por homes, ocuparon parte dese espazo—, mais seguían a cantar no río de lavar para entreteren as frieiras do inverno. Ou mentres premían no pedal dunha Singer ou dunha Wertheim para que saísen puños e colos de camisa coma restras de chourizos. Ou arrolando un bebé, ou na sobremesa dun xantar de festa... Moitas delas, conscientes do valor dese herdo e do risco de desaparición, escribían en anacos de papel de saco o seu repertorio persoal. Na gabeta da máquina de coser, na da mesa de noite, nun caixón do chineiro... dobrados con xeito, cal mapa que terma dun tesouro, agardaban o rescate. Eu mesma lembro cando Cilia do Covelo (Saiáns) ou Bernardita do Casal (Laxe) nos cantaron, sen interrupción, máis de cen coplas.

Talvez, se xuntásemos as revistas escolares de todos os colexios galegos das últimas décadas do s. XX teríamos non só un dos máis completos cancioneros para arrimar aos recollidos por re-

futados investigadores en diferentes publicacións, senón unha radiografía da sociedade galega nun abano máis amplo: a concepción da muller, os oficios, o amor e o desamor, os remedios caseiros para males de corpo e alma, as plantas medicinais, a burla, os consellos de todo tipo, os costumes, a diversión, a troula.

Precisamente un dos maiores acertos desta decisión da Real Academia Galega de lles dedicar este 2025 ás cantareiras, poñendo por abandeadas a Adolfinia e Rosa de Cerceda, Eva de Muxía e Manuela, Teresa, Prudencia e Asunción de Malpica, foi o efecto dominó que está a producir en diferentes puntos da nosa xeografía. Outras cantareiras están a ser rescatadas da invisibilidade e do esquecemento, provocando un lexítimo aluvión de nomes que merecen un lugar na memoria colectiva, por termaren da lingua e por nos transmitiren a súa sabedoría da maneira máis libre e sedutora.

Do legado destas creadoras de ledicia, como diría Mercedes Peón, recoñecen terse alimentado, ademais da devandita, Fuxan os Ventos, Milla-doiro, Leilía, Uxía Senlle, Ugía Pedreira, Xabier Díaz, Baiuca, as Tanxugueiras, Boyanca Kostova, Mondra, Caamaño & Ameixeiras, Fillas de Cassandra, De Ninghures, Catuxa Salom, Alana, Alba María, Xairo de Herbón... e tantas e tantos outros que irán vindo para avanzaren dende a tradición á modernidade.

Vaia por todas elas esta homenaxe da RAG!
NOTAS

¹ Recollida na publicación *Terras de Moraña*. Editado polo Excmo. Concello de Moraña en 2002.

² “O pan é máis útil que a poesía, pro ¿como comer o pan sen o compango da poesía? A. S.” *“Xaneiro, 1972. II (Moraima)”*, Celso Emilio Ferreiro.



Dario Álvarez Blázquez, médico humanista e galeguista

C oñecín a Xaime Seixas Subirach, o xesuita que acababa de chegar da república dominicana, en maio de 1965. El foi quen me entregou os “Dez Puntos”, principios fundacionais da UPG, da que cheguei ser cualificado dirixente. Xaime militara nos Ultreia, organización nacionalista xuvenil fundada por Álvaro das Casas en 1932. A súa estadía na república dominicana déralle a oportunidade de colaborar coa oposición ao dictador Trujillo. O seu nacionalismo galego e compromiso cos movementos de liberación do continente americano arriqueceron o seu perfil ideolóxico. É importante coñecer esta circunstancia para comprendermos o ideario ideolóxico de Seixas na proximidade, moi distinta da visión que algúns biógrafos divulgaron edulcorando o seu pensamento ata o punto de calificalo como “home santo”. Diso nada!. Seixas aceptaba como válidas todas as formas de loita para que os pobos oprimidos, incluída Galicia, puidesen acadar a súa liberación. Del aprendín esa lección que motivou a miña militancia nacionalista. Pero disto poderemos falar noutra ocasión.

Rematado o Concilio Vaticano II, o “aggiornamento” abriu as portas para que o catolicismo se inculturizase en cadansúa lingua. Seixas foi un militante adiantado en Galicia, poñendo en práctica aquel aperturismo. O 25 de xullo, a chamada



“misa de Rosalía”, que desde había ben anos celebrábase en castelán na igrexa de San Domingos de Bonaval, oficiouse por primeira vez en galego. Seixas, foi o oficiante; e eu o acólito que presenciaba atónito desde o prebisterio aos vellos galeguistas asistentes. Daquel suceso van aló sesenta anos!.

En Vigo Seixas formou un grupo de laicos para dinamizar os oficios relixiosos en lingua galega. Ao fronte deles estaba o

boticario Domingo Fernández del Riego, que todos os xoves, rematada a xornada laboral, celebraba na rebotica unha tertulia á que asistían un grupo de galeguistas cristiáns. Eu, con dezaseis anos tiven a sorte de participar naqueles conciliábulos.

Mais por pouco tempo, porque grazas ao influxo das lecturas de decenas de libros marxistas que Xosé Neira Vilas me enviaba a través da embaixada cubana en Madrid, arredéime do catolicismo con fundamentos científicos.

Pero son testemuña daquel esforzo de Seixas por galeguizar a fe católica. Por mediación do doutor Dario Álvarez Blázquez, que era médico dalgunhas institucións de beneficencia, dirixidas por monxas, puíderonse utilizar as igrexas do Asilo de Anciáns e as Trinitarias en Vigo, iso si, co acoso sistemático do bispo. Lembro como aquel sibarita, “Fray José López Ortiz”,

bispo da diocese de Tui-Vigo, “príncipe de la Iglesia” como gustaba que o denominasen, acosou a Seixas enviando mesmo a Brigada Político-Social da Comisaría de Vigo (Waldo López Mazaira, (a) “A Pita de Pesqueiras”, París, Pardavila (a) “A Cotovía”, Pastor e Mosquera) que entraron na sancristía intimidatoriamente, comunicándolle que tiñan orde do Bispo “de levarlo detido a Comisaría, así como está revestido, en caso de persistir en la intención de

oficiar la misa en galego”.

Seixas, que viña bregado da loita política contra o réxime de Trujillo, díxolles, sen medo, que xa que o bispo lle impedía misar en galego, faríao en latín, pero nunca en castelán. “Este rapaz -sinalándome a min- lerá certas preces en galego”. Así foi. Eran curiosas aquelas celebracións litúrxicas ás que acudíamos un número pequeno de participantes. As presións de López Ortiz obrigaron ás monxas do Asilo a impedir o uso da súa igrexa. As Trinitarias tiveron a mesma resposta: “Don Dario, nosotras debemos obediencia al Sr. Obispo”. Sobre estes acosos da xerarquía da Igrexa e da inmensaria maioría dos cregos -desestores do arado, que así foron calificados- tense escrito moito.

Hoxe traio a este espazo estas lembranzas vividas por mín, cando loitar pola normalización da lingua galega nos actos litúrxicos, malia a autorización de Roma, tiñan consecuencias por mor da represión exercida pola autoridades relixiosas e o brazo executor da policía política do réxime franquista. A figura do doutor Dario Álvarez Blázquez, creador dunha saga familiar galeguista, comprometido coa loita anti-franquista, será recordada proximamente nunha homenaxe que prepara a Irmandade da Sanidade Galega na súa cidade natal de Tui, contando coas colaboracións do Concello e Xunta de Galicia. Será unha nova oportunidade para poñer en valor o exercicio da medicina cos valores do humanismo e o galeguismo.



LETRAS GALEGAS

Henrique Monteagudo. Presidente da Real Academia Galega

Unha mensaxe de Forza e Esperanza

O goberno galego, por iniciativa de diversas entidades e partidos, declarou o corrente 2025 como Ano Castelao, ao cumprirse o seu 75 cabodano. Como é sabido, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao faleceu en 1950 en Buenos Aires, onde atopou refuxio para o seu exilio e viviu rodeado do agarimo da nutrida colectividade galega do Río de la Plata, que constituía unha boa porción da diáspora galega —por volta de medio millón de emigrantes, ao que desde 1936 se foron unindo milleiros de exiliados. Artista polifacético, que cultivou con igual talento as artes plásticas e a literatura, o seu compromiso co país culminou nunha carreira política tan breve canto brillante, durante a cal contribuíu decisivamente á consti-

tución do Partido Galeguista, e, como dirixente deste, á elaboración e aprobación plebiscitaria do Estatuto de Autonomía de Galicia, que se esperaba que fose instaurar o autogoberno galego no marco da II República Española, instituindo a oficialidade do idioma galego.

Ben no ámbito da pintura, o debuxo e a ilustración, ben no ámbito das letras —que arriqueceu con pezas clásicas, alicerces da prosa galega contemporánea—, ou aínda no ámbito do pensamento, o legado de Castelao é inmenso. A súa colección de ensaios Sempre en Galiza, publicada en Buenos Aires en 1944, é considerada o testemuño e o testamento da súa xeración, a biblia do galeguismo e a obra máis representativa da Galicia do século XX.

Castelao viviu os tempos máis trágicos e atormentados da historia recente de Galicia, de España e da humanidade no seu conxunto. Primeiro, a guerra civil de 1936-39, acompañada dunha cruel represión que masacróu o Partido Galeguista e as outras forzas democráticas, e seguida dunha atroz ditadura, que perseguíu sañadamente a lingua e a cultura galegas. Despois, a segunda guerra mundial, precedida do auxo do fascismo en Europa e seguida dunha esterilizante guerra fría, que facilitou a supervivencia do franquismo. En todo ese tempo, mantívose fiel aos seus principios republicanos e galeguistas, pelexando sen vagar durante a guerra e o exilio a prol da causa democrática española e da autonomía galega. Por iso, pasou á historia como un heroe, o auténtico pai fundador do autogoberno de Galicia, que hoxe se concreta no Estatuto de Autonomía

referendado en 1980, herdeiro do aprobado en 1936.

Xa en vida, a súa figura viuse nimbada dunha auréola mítica; despois do seu pasamento esta auréola non fixo máis que gañar fulgor. Así na arte coma na vida, Castelao conseguiu superar as dicotomías que opúñan o tradicional ao moderno, o culto e o popular, o local ao universal. Sempre defendeu a identidade galega en termos de humanismo e apertura. Deixou dito: “Pedímos garantías legais para o desenvolvemento natural do noso espírito, porque queremos volver presentarnos dignamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura para ofrendarllo ao acervo espiritual da Humanidade”.



Por Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero.

Un ano máis chega esta festa consoladora, as Letras Galegas.

Este ano a RAG vén de escoller para celebrar as Nosas Letras, a Cultura Tradicional. O Cancioneiro Popular Galego, o xeral, feito con tanto fervor por tanta xente e desque temos conciencia e uso dela. Agora signifícase nas cantareiras Adolfin e Rosa, Eva Castiñeira, Prudencia, Asunción e máis Manuela, portadoras desta Cultura secular, resón de voz e palabra, de valores, de música e canción, resistencia, herdo e dignidade. É unha proposta pola poesía oral transmitida en acenos de sonoros soportes que pon algo de rigor no ámbito cultural, literario e musical, sempre tan manipulado. O certo é que son mulleres e homes que portaron a bandeira sublime da fala, da arte, da música, do orgullo en danza e canción. Seres importantes, que aportaron informacións máxicas entre silencios de moitos e represalias de case todos.

Debérase facer, xa dunha vez, unha verdadeira homenaxe a toda a xente do rural que loitaron e defenderon as esenciais desta nosa personalidade, as esenciais do



Xexusa Suárez Iglesias, natural de Olas (Mesía)

que somos e que fundamentan o que queiramos ser. Gardaron e contiveron o idioma, a fala, os vocabularios, a toponimia, a literatura, o teatro, a arquitectura, ríos e fontes, música e artes, artesanía e paisaxe, esta cor verde que nos envolve, esa que

levamos prendida dos ollos. Somos quen, por obra e graza delas e deles. Xente de aldea si, en pé de resistencia coa palabra, coa música e canción, tamén co orgullo e a honra de ser. Fixeron resistencia nos peores tempos, cando afirmarse era un risco e estaba penalizado. Co noso beneficio, na razón esencial de pobo e nación, lugar que nos sitúa e dá ser. Empregaron a Lingua co seu son doméstico e cotián, na normalidade do uso, neste son antigo que nos inclúe e recoñece aínda en sete vocais, con miles de variables e matices.

Escribo isto, porque en realidade a miña vida enteira boteina a recoller e aprender delas e deles. Vivía do meu traballo docente, outra aplicación fermosa e gratificada que se inculpou desa ansia para aprender as formulacións doutra cultura paralela, que non viña nos libros. Nas aulas tiven a ousada tentación de dar clases de Galego, en galego. Nesa ousadía, o meu alumnado aproveitou para ser conspirador e sumouse ás recollas. Unha recolla por inmersión, desde dentro e a longo prazo. Aínda hoxe que vivo aquí, neste inacabado labor e son testemuña da cruel perda do Noso, Lingua e beleza, na que moitos nin reparan.

Tiña, xa entón, tantas preguntas por facer! Recibín miles de respostas que

gardei en papel, na memoria e nas gravadoras. Outra cosmovisión exacta e precisa, capaz de endereitar conceptos, sementar soños.

Por iso recollín toda a miña vida. Todo está no Museo do Pobo Galego, nun arquivo sonoro que se chama APOI. Coido que en boas mans.

Xa para rematar, debo dicir o que vexo desde a primeira liña do rural: a Nosa Lingua agonizante. Servilismos, cláusulas que nos impiden exercer a propiedade. Terán que corrixir decretos e actitudes, porque se hai algo máis dramático que a perda das nosas esenciais nas vilas e cidades, é a perda que xa acontece nas aldeas. Desleixo e complexos inoculados a través de séculos, desprezo desde os despachos que fan deste lugar -que é Matria e Patria- un depósito dos seus lixos. Desfán a nosa tan fráxil harmonía. Este lugar que non morre, acábano!

E a RAG debara estar xa no seu sitio, que menos! Precisamente ela, debara posicionarse sen serventías reclamando a dignidade que nos corresponde. O cal non impide celebrar cantando ás Cantareiras todas!.



ACAÑIZA
ADÉNTRATE EN GALICIA!

Ponte de Noceifas, Couto.

Óscar M. Guzmán | Escritor

Óscar Guzmán presentou a
súa novela de intriga
“Pero...como morren as pegas”

O escritor ourensán Óscar M. Guzmán presentou na Casa da Cultura de Xinzo de Limia o seu último libro “Pero...como morren as pegas” que acadou en 2023 o Premio Vilar Ponte. Trátase dunha novela de intriga a cabalo entre Raymond Chandler e Agatha Christie.

Chega o día das Letras Galegas, que consideracións fai sobre esta celebración?

Un día moi importante para os que escribimos en galego, unha reivindicación da nosa identidade, pero tamén unha xornada na que se debe mirar cara ás institucións públicas e reclamarlles unha maior implicación coa nosa lingua na educación.

Cre que fomentar a lectura en galego aportaría unha dose maior de implicación coa lingua?

Por suposto, pero non só libros, calquera tipo de resón cultural como a música, cine, teatro, contido dixital é vital para a consolidación da nosa lingua e, que sabe, facer posible que algún día o 17 de maio sexa unha das maiores festividades da nosa terra.

Falando de galego e libros, acaba de aterrizar nas librarías a cuarta impresión da súa novela. Sorprendido?

Un pouco, a verdade. Apenas hai un ano da súa publicación e, aínda que esperaba unha boa acollida entre os lectores, nin nos meus mellores prognósticos entraba a posibilidade de alcanzar esa cifra.

Cóntenos, entón, o seu segredo.

Non o hai, como moito poderíamos falar dun premio literario, unha editorial con prestixio e dunha historia aditiva con moitos quilómetros ás costas.

Canto son moitos quilómetros?

Difícil de calcular, pero despois de

máis de trinta eventos por toda Galicia entre feiras do libro, entrevistas, presentacións e excursións eu penso que estarei preto dos 3000 quilómetros de ida e volta.

E deses 3000 quilómetros, con que sensacións se queda?

Imposible numeralas todas, pero sobre todo coa morea de persoas que coñecín, coas fotos de pegas que logo me enviaron moitas delas e, por suposto, coa intanxible sensación de que algúns, aínda que só fora por unhas horas, esqueceron o tempo lendo a miña novela.

Pero... como morren as pegas é unha novela negra ou policial?

Di meu amigo Antón Jardón que é unha novela negra moi galega, e quizais teña razón. Eu, porén, prefiro quedar no medio e afirmar que se trata dunha historia con matices da novela negra americana e a policial europea dos principios do século XX, unha mestura entre Raymond Chandler e Agatha Christie con apuntamentos de retranca galega.

Semella que está a falar dun viño

Ben pensado non deixa de ter o seu paralelismo, un bo viño hai que degustalo amodo, intentando captar a súa esencia. Eu procuro que a miña escrita, dentro dun xénero cuxa máxima función é entreter, provoque tamén esa sensación para que o lector poida gozar de todo o que nela vai dentro.



Antón Jardón presentou o libro na Casa da Cultura de Xinzo de Limia.

E que vai dentro desas 250 páxinas?

Unha viaxe ao pasado dun neno que sempre quixo escribir, un resumo de centos de lecturas que, xa de adulto, acabou transformando nunha historia de intriga onde un empresario do transporte de Ourense aparece morto en estrañas circunstancias na súa mansión. Arredor dese eixe xiran unha morea de personaxes singulares composto por un equipo da Policía Nacional e unha familia onde todos son sospeitosos. Unha das cousas que sorprende desta historia son os múltiples escenarios onde transcorre a acción.

A verdade é que son bastantes e aínda que o centro é a cidade de Ourense con localizacións específicas como pode ser o Liceo de Ourense, o Pepinillo ou o bar París, tamén viaxa polos cóbados de Larouco, A Pobra de Trives, A Garda, o café Majestic de Oporto e, como non, o Couto Misto.

O Couto Misto, ese gran descoñecido aínda para moitos.

Pois si, moita xente descoñece a historia destes tres pobos —Meaus (Baltar) e Rubiás e Santiago de Rubiás (Calvos de

Randín)— da provincia de Ourense situados na denominada Raia Seca e que fai de fronteira co veciño Portugal. Máis de sete séculos, dende principios do XII ata mediados do XIX, contemplan este territorio de apenas 27 quilómetros cadrados considerado a primeira república europea, onde os veciños escollían por votación a un Xuíz e tres homes do acordo que rexían durante un tempo limitado o goberno das tres poboacións ata 1868, ano no que quedaron fixadas definitivamente as fronteiras con Portugal e pasaron ao territorio español, toda unha aventura marcada polos privilexios dos que gozaban como non ter que servir a ningún rei.

Volverá o inspector Saladino Mariño e compañía?

Supoño que si, aí esta nunha caixa co seu borsalino azul, o traxe branco Hugo Boss, o zapatos de pel de cervo Louis Buitton, acompañado do seu xemelgo Marcel, Xelmírez e demais. Cando decidan saír dela e contarme unha nova historia estou na obriga de dala a coñecer. Eles son coma min, imprevisibles.

caixaruralgalega.gal

Síguenos!

Día das Letras Galegas 2025

cantareiras

Fondo Schubarth-Salazarina.
Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) do Museo do Pobo Galego

LETRAS GALEGAS

Antón Santamarina. Académico numerario da Real Academia Galega

Cantar para gañar galegofalantes

O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás cantareiras. Personificouse en sete mulleres, catro delas figuran no Cancioneiro de Dorothé Schubarth cun número elevado de cantigas, melodías e letras, como é o caso de Adolfinia e Rosa Casás, de Cerceda; ou o de Asunción Garrido e Manuela Lema, de Mens. As outras cantareiras de Mens, Teresa García Prieto e Prudencia Garrido, non foron informantes de Schubarth pero consérvanse dela documentos sonoros importantes. Igual ocorre con Eva Castiñeira, de Muxía.

Cando presentamos esta candidatura para dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular sabíamos que había por toda Galicia, e mesmo fóra, moitas máis candidatas posibles con méritos semellantes. Reducimos o número a esas poucas pero a nosa intención era que representasen a todas cantas mulleres cumpriron un papel parecido, moitas con nomes coñecidos e outras xa (ou aínda) anónimas. Todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular, pero non podemos esquecer que o fenómeno non é exclusivo delas e que nos cancioneros tamén hai con frecuencia informantes homes. Todos eles, mulleres e homes, estean na nómina dos lembrados como dos omitidos (non esquecidos), serán protagonistas festexados nesta celebración.

Durante séculos a nosa literatura quedou reducida á oralidade. Quen repentizaba unha cantiga sabía que a súa fortuna ía



depende de que uns poucos ou moitos a fixasen na memoria e a repetisen. Só ben andado o século XVIII comezan algúns eruditos a interesarse por transcribir estas mostras do folclore, interese que se incrementou moito no século XIX por toda Europa e que tivo un florecemento especial nas renaixenças ou rexurdimentos de comunidades subestatais con lingua propia. Ocorreu aquí en Galicia e a partir de 1745 comezamos a ter rexistradas por escrito recollas de cantigas, en xeral dispersas, cristalizadas en cancioneros só a finais do s. XIX. As transcricións de melodías comezaron máis tarde co xurdimento de orfeóns urbanos. O primeiro, se non estou errado, o Orfeón Coruñés (1875) que dirixiu Pascual Veiga e o segundo, Aires da Terra en Pontevedra (1883), fundado por Perfecto Feijoo, seguidos máis tarde por outros. Nestes orfeóns transcribíanse a harmoni-

zábanse melodías de cantigas.

O que veu despois xa é máis coñecido; o máis salientable é un cancionero promovido polo redondelán Casto Sampedro con melodías transcritas por el mesmo ou por un número moi importante de correspondentes (inédito cando el morreu en 1937), ou o que polos anos 1928-34 recollían, para o Centro de Estudos Históricos, Eduardo Torner e Jesús Bal, incompleto a causa da guerra civil e publicado en 1973.

Os que nos temos dedicado ó estudo da cultura material e inmaterial deste país sabemos por experiencia propia o que cambiou a nosa sociedade nestes últimos 80 anos. Cando polos anos 1960 ou 1970 recollíamos «palabras e cousas» podíamos preguntar a calquera polas partes do carro ou do muíño ou por oracións para levantar a paletilla ou curar os tirizós; hoxe xa non existen informantes (ou hai que buscalos cun candil). No referente ó cancionero, nos anos 80 aínda había moitos informantes con grandes repertorios, como é o caso das cantareiras que imos festexar no ano 2025; pero os informantes que quedan hoxe xa son escasos e o seu repertorio reducido.

Mais no caso do cancionero dáse un fenómeno contrario ó que acabamos de mencionar referente ás «palabras e cousas» que, en 50 anos, pasaron a ser arqueoloxía e só figurarán nos dicionarios e nos libros de etnografía, pois xa quedan poucos galegos que viran e saiban o que son o minle, o rangueiro ou o tentemozo dun carro. As cantigas seguen vivas aínda que cambiasen os escenarios; antes animaban fías ou segas ou mazas de liño ou os seráns e agora as mesmas cantigas son actualizadas nos repertorios dos infinitos

grupos de tocadores e cantadores que inzan o país, algúns mesmo profesionais do canto. E cousa máis extraordinaria aínda (non sei se soñada algunha vez por Castelao ou por Risco): as músicas e letras desas cantareiras son materia de ensino nos conservatorios.

Moitos destes cantadores comezan de nenos nas tradescolas que hai na maioría das cidades e vilas do país. A celebración do Día das Letras Galegas de 2025 vai propiciar (iso agardamos na Real Academia) que as cantigas de Adolfinia, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela e de moitas outras e outros sexan recuperadas dos cancioneros e cantadas en medios e escenarios moi diversos; vai mesmo propiciar que se volvan escoitar as súas voces auténticas porque, en moitos casos, están gardadas en arquivos sonoros accesibles na rede (como é o gardado no Museo do Pobo Galego).

Este ano das Letras Galegas vai ser o da lírica popular e esperamos que teña unha repercusión moi importante; se é así servirá sen dúbida para axudar a fidelizar os galegofalantes coa súa lingua e tamén para enganchar na súa práctica e defensa a moitos galegos, especialmente mozos e nenos, que polas razóns que fose non a recibiron no ambiente familiar como primeira lingua. Nas cantigas populares hai xoias poéticas extraordinarias e hai ademais un galego enxebre e saboroso. Coa axuda das cantareiras homenaxeadas (que xa non están entre nós) e de tantos intérpretes que por Galicia adiante beben do seu legado, esperamos que no 2025 o Día das Letras Galegas empece o 1 de xaneiro e dure todo o ano, aínda que a festa maior sexa o 17 de maio.





PÉREZ - LEMA
Abogados e consultores

Premio "de Ley Siglo XXI" na categoría
Dereitos do Consumidor

Moitos azos e o mellor
asesoramento legal para
esta nova xeira.

Coas nosas Letras, co noso
país e coa nosa xente!

 www.perezlema.gal

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña

17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS CANTAREIRAS

**QUE SOE
A NOSA
LINGUA!**



Grazas Adolfina, Rosa, Eva e As Pandeireteiras de Mens,
porque sen vós, hoxe non seríamos nós.

LETRAS GALEGAS

Francisco Candeira Mosquera

O humanismo solidario de Castelao

Cando a fame entra na familia do vello mariñeiro, o Rifante, este pide ao pai de Castelao cartos para botar unha balconada nova na súa casa. Pero, cando se lle recorda que “a fame cúrase con pan”, o Rifante replica que, se a xente ve que está en obras, non pensará que a súa familia pasa fame. E sentencia con dignidade: “a vergonza é peor que a fame”.

Noutra ocasión, Castelao cóntanos a crueldade dun neno cunha pobre esmoleira. Cando o neno sen escrúpulos, xa home, faise rico na emigración, o rianxeiro exclama: “Queira o Ceo que non retorne”.

Castelao censura a falta de humanidade da xente que se burla da anciá á que lle morre o compañeiro da súa vida e que, ao despedirse docemente do defunto, exclama desde o fondo da alma: “deica logo, Eleuterio”. Porque a vella desexa morrer axiña para poder seguir con el...



Castelao desmitifica o mundo idílico da emigración cando “Migueliño” se decata do lamentable estado en que regresa de América o pai idealizado...

Castelao fainos comprender a dor dun pai que prefere recordar ao seu fillo morto

mediante un retrato inventado pero anxelical antes que telo gravado nos sufrimentos da agonía...

Castelao desmitifica o mundo dos mortos ateigado de zobis arrepiantes cando sentencia: “Os esqueletes son tan parvos como as persoas. Abonda decir que non pensan máis que en beilar”...

As mostras do seu fondo humanismo e da súa intención didáctica, son interminables.

Logo de desfrutar e de aprender tanto coa lectura das Cousas, dos Retrincos e de Un ollo de vidro, non podo menos que expresar neste ano de Castelao, o sentimento de humildade que produce no lector a fondura en que o rianxeiro nos mergulla para facernos comprender as razóns e a psicoloxía que subxacen aos comportamentos, aparentemente incoherentes, de diversos tipos populares.

Castelao foi quen de afondar, como ningún outro, na psicoloxía e no modo

popular de concibir a vida e a morte. A súa obra literaria constitúe todo un tratado de antropoloxía cultural que cambia, de maneira substancial, o enfoque preconcebido do lector e o achega á comprensión doutra realidade, doutra mentalidade, doutra maneira de entender a existencia que tantas veces foi -e aínda é- irracionalmente menosprezada desde a distancia física ou intelectual.

Castelao -a persoa- na súa entrega absoluta á súa Terra, empregou o discurso político, a narrativa, a novela, o teatro, a arte... todas as armas á súa disposición para lograr a dignificación e o progreso cultural e material de Galicia e das súas xentes.

Ás veces, demasiadas veces, as forzas do mal, da crueldade, da intolerancia, vencen sobre o pacifismo e o humanismo. Vencen sobre os bos e xenerosos. A Castelao estas forzas conducírono á amargura do exilio e á morte lonxe de Galicia. Pero no seu empeño e co seu traballo, a técnica literaria e o afán educador, Castelao creou escola e outros -como Rafael Dieste ou Ánxel Fole- foron os seus dignos continuadores.

Marta Dacosta é poeta, escritora e profesora no IES “Terra de Turonio” (Gondomar)

Quimicamente puro

Nas charlas que dei estes meses, a pedimento do BNG e a Fundación Galiza Sempre, comezaba cunha cita de Castelao que recolle Ánxel Fole dun mitin decorrido en Lugo no ano 1932: “considérome galego quimicamente puro, infusíbel ao soprete e inatacábel polos ácidos”. Esta literaria frase pareceume moi acaída para explicar a unidade do pensamento e a arte do rianxeiro, unha unidade que foi cuestionada desde o mesmo momento en que o caciquismo comprobou o impacto das súas viñetas, a capacidade de crear conciencia daqueles debuxos acompañados dun pequeno texto desde aquel primeiro álbum Nós (1916-1918).

Nesa unidade insistía Castelao. “Deixese

pois de faguer distingos antre o Castelao-artista e o Castelao nazonalista, eu non teño máis que unha personalidade.” Respondíalle a Marcelino Pedreira nunha carta a el dirixida e publicada no xornal La zarpa, o 28 de xaneiro do 1922.

Insistir en disociar o Castelao político do Castelao artista foi a táctica seguida por conservadores e fascistas para tentar borrar a súa herdanza política e danar o nacionalismo. Cando o 2 de xullo de 1944 presenta o seu libro Sempre en Galiza en Bos Aires fai memoria dese proceso de disociación ao que foi sometido e que se perpetuará tras a súa morte. Velaí a nota da censura para os medios de comunicación con ocasión do seu falecemento. Non só

se ordena non falar da súa actividade política, senón que mesmo se prohíbe facer referencia á obra literaria Sempre en Galiza ou á obra plástica dos álbums de guerra.

Serán eses mesmos que censuraron a nova da súa morte, que entraron na súa casa de Pontevedra e lle embargaron os bens, que perseguiron as súas irmás e a súa familia política, que lle negaron autorización para publicar o Sempre en Galiza ao libreiro vigués Antón Patiño no ano 1975 os que, en 1984, falecida Virxinia Pereira, ousen traer os restos de Castelao, contra a súa vontade, e crear as medallas que levan o seu nome. Medallas coas que condecoraron mesmo a quen perseguíu o pensamento de Castelao, como ese exministro franquista, Manuel Fraga, responsábel de que en 1963 o xornalista Alberto Míguez fose procesado polo Tribunal de Orde Pública, sendo condenado a prisión polo

delito de realizar unha escolma bilingüe do Sempre en Galiza coa que “ataca la unidad de la nación española y promueve actividades separatistas”.


Os mesmos que agora din que Castelao é de todos demostrando un flagrante descoñecemento da súa obra, esa en que a lingua é o fulcro ao redor do que xiran debuxo e texto: “Debuxei sempre en galego, escribín sempre en galego e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra, non restaría nada dela”.

Nós, que coma as xentes das Irmandades nos declaramos nacionalistas galegos, reclamamos en lexítima herdanza a totalidade da obra de Castelao; por iso, unha vez máis, emprendemos unha Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego.



O que estou a dicir cando digo «Altri non»

Xosé de Cea



Nazismo e clase obreira (1933-1993)

Sergio Fontegher Bologna

EDICIÓN
LAIOVENTO
www.laiovento.gal



Fernando Groba Bouza

2025, Ano Rompente asemade

Rematou 2024 anunciando que o 2025 dedica as súas/nosas Letras Galegas á poesía popular oral e de todas aquelas mulleres que cantaron e transmitiron un inmenso legado (personificado, tal e como acordou o plenario da Real Academia Galega, en Adolfin e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). Comezou tamén o 2025 anunciando o Ano Castelao e o Ano Galaxia ao se facer 75 da morte do intelectual polifacético rianxeiro e 75 da creación dun proxecto editorial que se converteu na columna vertebral da recuperación da literatura galega nun país que seguía sometido a un goberno ditatorial. No entanto, 2025 é tamén o Ano Rompente; estamos a uns meses de se faceren 50 anos da súa creación.

Naquel Vigo proletario inmerso en continuas e frecuentes loitas obreiras para esixir condicións laborais humana e minimamente tolerábeis, un poeta ponteareán (de Angoares) cunha inqueda intelectual profunda, Alfonso Pexegueiro, coñeceu, por acaso, o tamén poeta Darío Xohán Cabana na librería olívica Curros Enríquez. Propúxolle formar un grupo mais o cospeitís comentoulle que non podía por estar a pasar un momento complicado. No entanto, díxolle que lle ía presentar a alguén que podería estar interesado: a Xosé Luís



Méndez Ferrín.

Por aquel tempo, o escritor ourensán era profesor no Instituto de Ensino Secundario Santa Irene. Ferrín tampouco se viu con ansia de iniciar con Pexegueiro a aventura mais si lle dixo que coñecía, á súa vez, unha persoa que si podería estar interesada: Antón Reixa. Antonio Xavier Euloxio Rodríguez Reixa, que tiña 18 anos daquela, era alumno seu (de Ferrín) e amosaba unhas inquedanzas que poderían ser aqueles azos ou complicidade que precisaba Alfonso. E así foi, coñecéronse na caseta da librería Arcova na feira do libro de Vigo no verán do 75 (no mes de



xullo ou agosto). Reixa precisou pensalo algo mais non tardou en aceptar o desafío e a brindaren xuntos na festa de Sárdoma polo grupo acabado de nacer.

Así, en outubro dese mesmo ano, deron o seu primeiro recital no Instituto de Ensino Secundario Valle Inclán de Pontevedra. Entre o público, estaba, casualmente, a escritora Susana Fortes.

Baixo o selo do grupo poético viugués, van saír publicados dous libros que van dar un xiro fundamental á renovación poética da literatura galega. O primeiro, Seraogna, que fora lido, previamente, polo propio Darío Xohán Cabana e por Xosé Luís Méndez Ferrín, saíu ao público en maio do 76 (xa que logo, no 2026, continúan as conmemoracións); e o segundo, Con pólvora e magnolias, saíu só 6 meses despois.

Ao grupo foron chegando novos integrantes ao tempo que foron marchando outros (lei de vida). Dous dos que entraron para ficar até a súa extinción foron Manuel M. Romón e Alberto Avendaño e un dos que se foron foi o propio Alfonso Pexegueiro, por diferenzas persoais e poéticas, nomeadamente, co propio Antón Reixa.

Pexegueiro foise (autoexiliouse) para Barcelona (dende 1985 até o seu regreso no 2000) para seguir a súa carreira como

escritor e poeta “inadaptado”, logo de traballar na redacción da revista infantil e xuvenil Vagalume (1976-78) e de fundar, en 1980, xunto con outros escritores, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), da que foi secretario até xuño de 1985. Durante o desempeño do seu cargo na AELG, coordinou a revista Escrita e impulsou o I Congreso de Escritores en Lingua Galega, así como o Galeusca (encuentros de escritores vascos, cataláns e galegos). Durante esta ausencia, primeiro do grupo (que continuou a súa actividade até 1983) e logo do seu país, existiu unha apropiación por parte dos seus ex-compañeiros do grupo da súa idea orixinal ao seguiren co seu colectivo e, unha complicidade de boa parte da crítica literaria que se guiou por fontes parciais ou contaminadas, que desvirtuaron, dun xeito máis ou menos propositado, tanto a orixe do grupo como da relevancia do escritor ponteareán como do seu primeiro libro.

A importancia do colectivo é fundamental e evidente se camiñarmos 50 anos para atrás, xa que logo, cómpre falarmos moito del/es, de Rompente, de Seraogna (que case ficou esquecido xunto co seu autor) e de Con pólvora e magnolias para felicitar os seus creadores e autores e para que o pobo poida sentir ese orgullo que debería experimentar polas súas/nosas propias letras e polos seus/nosos propios escritores. É necesario, máis ca nunca, que as institucións culturais divulguen e poñan en valor todos estes fitos e que esclarezan dun xeito fidedigno e rigoroso o que aconteceu para evitar inxustizas e atrocidades.

Cantareiras

Letras Galegas 2025

Na preservación e transmisión da identidade colectiva, cómpre volver ás raíces para seguir votando gromos.

Concello de Covelo

www.concellodecovelo.es

LETRAS GALEGAS

Por John Patrick Thompson

Un 2025 para divulgar a figura de Castelao

Durante a presentación da obra “Celebrando a Castelao. O artista polifacético”, de Rubén de Lis, o secretario xeral de Lingua da Xunta de Galicia, Valentín García, informou que o goberno autonómico divulgará a figura e o legado de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a través dunha decena de publicacións ao longo deste 2025, dentro das accións da programación do Ano Castelo.

Entre outras, a Xunta apoiará a publicación, por vez primeira na historia, da dúas edicións da emblemática obra teatral Os vellos non deben de namorarse, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, a Fundación Castelao e Galaxia, así como de correspondencia inédita do escritor.

Da man da Fundación Castelao tamén levará a cabo a dixitalización da documentación sobre o Estatuto de 1936, en colaboración co Instituto Padre Sarmiento, e a incorporación de fondos dixitalizados sobre o autor de Sempre en Galiza na Biblioteca dixital de Galicia, Galiciana.

Ramón Coira Luaces

As cantareiras, Letras Galegas 2025

As cantareiras son as mulleres do pobo que saben cantar ou son afeccionadas ao canto. Acompañanse xeralmente de pandeiretas. Moitas destas cantigas populares recopílanse por diversas persoas en distintas épocas: desde o pai Sarmiento a Dorothé Shubarth ou Xabier Díaz. Lin que algúns estudosos establecen catro etapas: A primeira: Séculos do XVI ao XVIII. Segunda: século XIX. Terceira: Desde o inicio do século XX á Guerra Civil. Cuarta: Desde a Postguerra até hoxe. Ao adicarselles este ano 2025 o Día das Letras Galegas por parte da RAG, procúrase non só homenaxealas, senón manter viva a tradición. Pódense citar As Vellas de Mens, Eva Castiñeira, Adolfinia e Rosa Casás, entre moitas outras. Tocan nas casas, actúan nas festas e algunhas veces nos escenarios. Vou citar algunhas destas letras populares, recollidas do libro de Xerais da pandeireteira Icía Varela e Xosé Manuel Varela, titulado “Cantareiras”:

“Eu caseime prá montaña porque había moito panhe. O forno da miña sogra cría silvas polo vranhe.” * * *

“Ano Novo con ben veña. Ano Novo con ben veña. Como as galiñas coas cabras e as cabras coas ovelas.” * * *

“Dáme da pera que comes; da mazán, un anaquiño; da tua boca unha fala; do corazón, un cariño.” * * *

“De onde son as mociñas que recenden a ourego? Do lugariño de Mens, de xunto a casa do crego”.

As temáticas dos textos son variadas. Tratan do baile, dos bailadores, de ir á foliada, de cantar, tocar, de amoros, de oficios, de traballos, de consideracións sociais,...

Eu non entendo moito disto; por iso recoméndovos ler algún dos libros que se publicaron ao respecto, para obterdes unha información máis precisa e completa.

Lin outro libro tamén de Xerais de María Lado, titulado: “Canta miña compañeira. O legado das cantareiras”. Nel fala de Adolfinia, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela, seis das cantareiras que escolleu para falar e homenaxear ás mulleres que crearon e preservaron unha rica poesía popular, transmitida de xeración en xeración:

“Téñoche un pano na hucha, pano de todas as cores. Aqueles que o queren negro, non se merecen amores.” (As Tanxugueiras) * * *

“Todo o mundo me rexoubu porque son adivertida, rexoubeiras do lugar gobernade a vosa vida”.

E di, textualmente: “Grazas a mulleres coma elas, chegaron a nós coplas, ritmos, bailes, contos, remedios e costumes”. Cultura popular, patrimonio do pobo galego e da humanidade.

U-la mocidade?

A miña relación coas letras galegas remóntase ao 2000 cando estaba en Santiago co obxectivo de atopar un tema concreto de tese. A memoria histórica respecto á represión franquista era o asunto principal, mais precisaba de acoutar o campo. Descubrí a ficción narrativa en galego que representa o fascismo en Galiza, e ao pouco tempo de ler algunhas novelas—Amor de tango de María Xosé Queizán, Agosto do 36 de Xosé Fernández Ferreiro, O bosque das antas de Francisco Xosé Fernández Naval, por exemplo—determinei que se trataba dun xénero cunha capacidade sorprendente para transmitir os feitos históricos. Cal é máis efectivo para forxar unha conciencia republicana na mocidade?, preguntábame; ler estudos historiográficos sobre os feitos ou novelas que, malia non diciren sempre a verdade, facían que o lector vivise a historia como se fose real?

Unha vez decidida a temática da tese que ía escribir, explorei a teoría literaria dedicada a dilucidar o que a literatura galega ten de específico. Dúas obras en especial foron de moita utilidade: Diglosia e texto de Antón Figueroa; e Silencio, parodia e subversión de Xoán González Millán. Apreciei tamén o libro de Francisco Rodríguez, Literatura galega contemporánea: problemas de método e interpretación. Cos conceptos que estes libros fornecen, puiden comprender mellor as particularidades das literaturas minoritarias que sofren o avasallamento de linguas dominantes. Un dos conceptos ao que máis voltei desde entón é o de fetichismo. Hoxe o fetichismo adoita referirse ao ámbito sexual, mais nun contexto diglósico como Galiza alude mellor ao pensamento máxico de algunhas persoas para quen a conservación do galego e da literatura galega pódese facer a través da colección de libros e artefactos. Non esquezo o que me respondeu un alcalde cando lle perguntei se o galego ía sobrevivir ou non. Dixo que lle parecía que si porque tiña unha biblioteca de moitos volumes en lingua galega.

Co pasar dos anos, a utilidade das novelas históricas que analice parecíame cada vez menor, unha vez que a sociedade le menos que antes. A xente nova, colada ás pantallas dos teléfonos, opera con códigos moi diferentes dos que eu e meu entorno tíñamos. A concienciación a través da literatura xa non é o que foi para a miña xeración, que é a terceira xeración, é dicir, os netos da Segunda República e do xenocidio fascista. Hoxe, a cuarta xeración—os bisnetos dos eventos en cuestión—non aparece nas actividades memorialísticas, o que nos debería preocupar seriamente. Alén do que sabe calquera medianamente consciente do que está en xogo verbo da memoria histórica e a súa importancia para a democracia, a desconexión da maior parte da xuventude do pensamento político anuncia un futuro aínda máis incerto do que é neste intre.

***John Patrick Thompson** é profesor de Estudos Hispánicos na Montana State University-Bozeman (EEUU).



Do apagón á progresiva normalidade

Descartada oficialmente a tese do ciberataque e normalizada a situación do subministro enerxético, o inusual e sorprendente apagón eléctrico presenciado en España e Portugal este 28 de abril tivo obvias implicacións para os Concellos do Condado-Paradanta, Louriña, Baixo Miño e Val Miñor, particularmente en materia de seguridade e prestación de servizos municipais.

En Salceda, a Alcaldesa Loli Castiñeira reuniuse con persoal de Protección Civil e Policía Local para avaliar a situación destacando o labor e o compromiso dos equipos de emerxencias que estiveron operativos durante toda a noite do apagón.

En Mos, a Alcaldesa Nidia Arévalo reuniuse coa Policía Local, persoal municipal, voluntariado de Protección Civil e equipo de goberno para garantir a normalidade da situación unha vez o subministro enerxético foi restaurado na madrugada do 29 de abril. O Concello anunciou a xestión na adquisición e reparto de linternas e produtos para a poboación máis vulnerable, suspendéndose temporalmente todas as actividades nas instalacións deportivas municipais así como mantemento dunha comunicación permanente cos centros de maiores e residencias e garantindo o Servizo de Axuda no Fogar.

O Apagón coincidiu en Tui coa festividade local de San Telmo,



repleta de grandes actividades. O Concello informou da recuperación progresiva da normalidade tras dezaseis horas sen subministro eléctrico. O Alcalde Enrique Cabaleiro informou que están a reprogramar as actividades suspendidas destas Festas, agradecendo o labor da Policía Local, Garda Civil e Protección Civil, especialmente no restablecemento do subministro nas parroquias de Caldelas, Guillarei, Rebordáns e Ribadelouro.

Mondariz tamén anunciou o restablecemento dos servizos municipais en particular o Centro Médico, oficinas bancarias e o Centro de Día e CPI Mondariz funcionando con servizos mínimos.

Nas Neves a situación seguía sendo problemática a primeiras horas da mañá do 29 de abril, sen subministro eléctrico en varias zonas do municipio, bombas de auga sen funcionar, depósitos en fase de baleirarse, e sen actividade nin electricidade no Centro de Día.

En Tomiño destacaron a relativa normalidade durante as longas horas do apagón eléctrico, aínda que dende o Concello informaron de problemas na conexión á rede telefónica e Internet nalgúns áreas.

Saneamento en Tortoreos

O Concello das Neves informou do inicio das obras de saneamento no tramo Cruceiro-Silvares, na parroquia de Tortoreos, dentro do compromiso do goberno municipal por seguir avanzando cara a un rural vivo, con infraestruturas de calidade.



Xornalismo palestino, Premio á Liberdade de Prensa

O Sindicato de Xornalistas Palestinos é a candidatura gañadora do XXI Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa, convocado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia coa colaboración da

Deputación da Coruña, a través da área de Dereitos Cívís. Nasser Abu Baker, presidente do sindicato, recollerá o premio 10 de maio nun acto no Centro Galego de Arte Contemporánea en Santiago.

A Deputación quere unha piscina olímpica para Vigo

A vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Luisa Sánchez, remitiu un escrito ao alcalde de Vigo, Abel Caballero, no que traslada a súa total predisposición para recuperar a piscina de Teis con fondos da institución provincial.

Este escrito responde á solicitude efectuada polo Concello de Vigo para destinar 5M€ a esta instalación deportiva. Sánchez tamén aproveitou para reclamar “un proxecto máis ambicioso: a



construción dunha piscina olímpica en Vigo, como xa existen en Pontevedra ou na Coruña”.

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS
DOMINGO 18 MAIO 2025

XORNADA DE PORTAS ABERTAS
HORARIO 11:00 a 14:00 H e 17:00 a 19:00 h
VISITA POR GRUPOS. PRAZAS LIMITADAS

INSCRICIÓNS:
NO FORMULARIO QUE ATOPARÁS
NA WEB, REDES SOCIAIS OU NO QR

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

CONDADO/PARADANTA

“A situación económica da Cañiza é complicada pero mellor que en 2019”

O Alcalde da Cañiza Luís Piña fixo balance da situación económica do Concello entre o 31 de decembro de 2019, ano no que chegou á Alcaldía, ata o 31 de decembro de 2024. Se ben considerou que a situación “é complicada” e que “non o estamos pasando ben”, asegurou que o momento actual “é mellor que en 2019” cando as contas eran unha “absoluta ruína”.

Indicou que para o 31/12/2019 existían 4.284.509,09€ de facturas impagadas por parte do anterior goberno “que xa non tiña crédito ante os provedores”. Ese saldo para o 31/12/2024 é de 809.602,46€ “recuperando o nivel de crédito e de contratos”. O saldo de liquidez nas contas pasou



de 202.122,87€ en 2019 aos 350.410,86€ en 2024.

“O camino é duro para os vindeiros anos pero estamos convencidos da necesidade de frear a curva ascendente de endebedamento. Non vou tirar o Concello pola borda”, explicou Piña. Así, a Corporación aprobou un Plan de Axuste que contempla o aumento da presión fiscal, o fomento

da austeridade no gasto ordinario e os recortes na plantilla de persoal do Concello “pero non de forma agresiva” e sempre “respectando as xubilacións”. Esa austeridade chega tamén ao seu peto: indicou que desde febreiro pasado deixou de cobrar o seu salario como Alcalde, calculado en 54.000€ anuais, coa finalidade de axustar as contas.

Protección civil entre Arbo, As Neves e Crecente



O s Concellos de Arbo, As Neves e Crecente están a constituír a Agrupación de Voluntario/as de Protección Civil Ribeira do Miño. A base desta agrupación estará en Arbo, onde se realizará o vin-

deiro 14 de maio, no Salón de Plenos do Concello, unha xuntanza informativa sobre esta agrupación e o Curso Básico de Protección Civil para aquelas persoas interesadas en integrarse como voluntarios.

160.000€ para mellorar os vestiarios do Casal



O Concello de Salvaterra rematou as obras de mellora nos vestiarios e almacéns das Instalacións Deportivas de O Casal, financiadas a través do Plan +Provincia 2024 cun investimento superior aos

160.000€. Semanalmente estas instalacións son utilizadas por máis de 200 usuarios, principalmente por parte das Escolas Deportivas, a S.D. Salvaterra e os afeccionados do Casal.

Slogan gañador do 25N

A Concellería de Igualdade do Concello de Salvaterra reparte dende a Biblioteca Municipal as bolsas co slogan gañador da XIV edición do Concurso

de Slogans contra a violencia de xénero. “Rompe o silencio, constrúe o respecto” de Iván González Durán, alumno do IES de Salvaterra, é o slogan gañador.

Luís Piña na nova executiva do PSdeG-PSOE

David Regades, foi elixido por terceira vez consecutivo secretario xeral dos socialistas da provincia de Pontevedra tralo V Congreso Provincial do PSdeG-PSOE. Na nova executiva provincial haberá presenza do Condado-Paradanta.

Así, o alcalde da Cañiza e deputado no Congreso Luís Piña, persoa de confianza de Regades, mantense como responsable de Organización do PSG-PSOE Pontevedra, Vanesa Fernández Soage, concelleira en Ponteareas, é a secretaria de Función Pública e



Violeta Lois Fortes, concelleira de Mondariz, ocupa a secretaría

de Transparencia e Rexeneración Democrática.

Licitación para obras na Casa do Conde

A Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta iniciou os trámites de contratación ata o 5 de maio para a obra de cambio de carpintería e climatización na Casa do Conde de Salvaterra, vinculadas á actuación “Espazo Enogastro-



nómico do Museo do Viño” do Plan de Sustentabilidade en destino “Condado Paradanta destino Enogastronómico” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation EU.

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Obras no campo de fútbol de Dextros

O Concello de Salvaterra publicou na Plataforma de Contratación do Sector Público a licitación das obras de mellora das instalacións deportivas de Dextros, aberta ata o 23 de abril. Este proxecto contará cunha partida de máis de 600.000€ para modernizar as instalacións e convertelas nun referente de eficiencia enerxética, accesibilidade e dixitalización.

As obras están con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como do Fondo de



Cooperación Local da Xunta de Galicia, destinados a inversións en infraestruturas municipais de carácter estratéxico.

Pavimentación de vías municipais

A Xunta de Goberno Local de Salvaterra da luz verde a unha inversión de preto de 650.000€ a través dun novo Plan de Pavimentación de Vías Municipais que levará a cabo o Concello de Salvaterra de Miño. Plan

financiado a través da liña de Inversión do Plan +Provincia 2025.

Con este Plan, que se suma a do ano 2024, búscase seguir mellorando a rede municipal de estradas e viais a través dunha inversión plurianual para os anos

2025 e 2026. En xeral estenderase e compactarase unha capa de mistura bituminosa en quente e porase a cota da nova rasante as tapas de Rexistro e rexas existentes en 27 actuacións en viais municipais.

A Canuda mellorará as súas instalacións

A Plataforma de contratación do sector público anunciou a licitación das obras de mellora das Instalacións Depor-

tivas da Canuda financiada a través do II Plan de Infraestruturas Deportivas da Deputación por un importe de máis de 139.000€. As

actuacións se realizarán na pista polideportiva para fútbol sala e baloncesto, nas pistas de tenis e na zona de Skate Park.

Un xardín vertical na ponte do río Miño

O Obradoiro de Emprego Salvaterra Emprega IV, impulsado polo Concello, instalará un xardín vertical que se instalará na ponte baixo a infraestrutura ferroviaria, lugar de paso que une a rúa Miño e a ponte internacional con Portugal.

Neste proxecto participan os 20 alumnos/traballadores e o Equipo Técnico do Obradoiro de Emprego. A actuación comezará coa limpeza das paredes e instalación dun deseño modular de paneis de madeira tratada, con sistema de rego e cuberto dunha

superficie axardinada que se integre co entorno paisaxístico da vila. Esta colaboración súmase ás que xa se realizan como por exemplo coa Comunidade de Montes de Pesqueiras no apartado forestal.

100 tarxetas para acceso á Biblioteca

Dous meses despois da inauguración do novo sistema de acceso á Biblioteca Municipal de Salvaterra xa son máis de 100 as tarxetas en-

tregadas ós usuarios e usuarias.

O sistema de acceso autónomo a través de tarxeta permite facer uso da instalación nun horario máis amplo para o estudo. A través

deste sistema novo e pioneiro na nosa contorna aquelas persoas que precisan estudar ou facer uso do espazo xa o fan accedendo ó espazo coa súa tarxeta.

“Salvaterra Milenaria”



O Recinto Amurallado acollerá o 24 de maio a celebración dos máis de mil anos de historia da vila co evento “Salvaterra Milenaria”, facendo referencia ao documento

escrito asinado o 24 de maio do ano 991. A Concellería de Cultura organizará un mercado-exposición con comercios, artesáns e asociacións así como actividades para todos os públicos.

Exitosa II edición de Pinchoterra



A II Ruta Pinchoterra de Salvaterra de Miño superou as cifras da primeira edición, con 16.000 pinchos vendidos nos 25 locais participantes e contando cunha alta participación do público que valorou positivamente as pro-

postas gastronómicas tamén con opción veganas, vexetarianas e sen glute. O sorteo se realizou o 5 de maio con 38 premios con vales para consumir nos locais adheridos e 10 Bonos para o Espazo Termal de Teáns-Oleiros.

Unidade móbil para ciclomotores

O Centro Cultural do Casal de Salvaterra acollerá o 25 de maio unha unidade móbil de ins-

pección técnica para ciclomotores nos horarios de 9 am a 13.30 pm e 15:15 pm a 18 horas.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN
637 764 865
www.cerrajeroremendon.es
24h.

OFICINA ARAUJO
SEGUROS Y GESTIONES
TELF.: 680 619 475
C/. Raíña Dª Urraca, 3 - baixo
SALVATERRA DE MIÑO

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO
San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Visto bo do PEPCHA á transformación das prazas da Armada, Fromista e Pracer

No marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Vive a Historia, Descubre Tui: Conexión sostenible entre patrimonio e natureza”, financiado con fondos NextGenerationEU, a Comisión do PEPCHA, Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Tui, validou e deu luz verde a tres proxectos de remodelación presentados polo Concello de Tui: a recuperación do valor patrimonial das prazas da Armada, Fromista e Pracer no conxunto histórico, retomando a súa esen-



cia orixinal e adaptándose as necesidades do século XXI. Tras esta validación, os equipos redactores traballan xa na redacción dos pro-

xectos de execución, paso previo imprescindible para a súa aprobación definitiva e posterior licitación das obras.

Renovación do SICTED

O Concello de Tui renovou ata 2027 o distintivo de Calidade Turística SICTED, Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos, para a súa Oficina de Turismo. Esta distinción certifica o compromiso do municipio coa mellora continua da atención ao visitante e coa calidade dos servizos turísticos. A concelleira de Turismo, Ana Núñez, foi a encargada de recoller o diploma acre-



ditativo durante a Gala Provincial de Turismo, organizada pola

Deputación, celebrada en Moraña.

Augas do Louro advirte de estafa

O Consorcio de Augas do Louro e Aqualia informaron sobre a realización de chamadas telefónicas e visitas domiciliarias por parte de persoas alleas ao servizo de abastece-

mento, alegando presuntos problemas de calidade da auga de grifo, instando aos vecinos a comprar e instalar uns mecanismos de tratamento da auga. O Consorcio e Aqualia confirmarn a

calidade da auga das redes municipais do Porriño, Tui, Salceda e Mos debido ao seu exhaustivo sistema de control sanitario que certifica como totalmente apta para o consumo humano.

Peregrinación polo Camiño Portugués da Costa

A Eurocidade Tui-Valença organiza entre maio e xuño unha peregrinación especial polo Camiño Portugués da Costa dende Caminha no marco das Xornadas Europeas do Camiño de Santiago. Esta actividade forma parte tamén do Calendario Deportivo da Eurocidade Tui Valença deste ano 2025.

As etapas son: 1 de maio:

Caminha – Vila Nova de Cerveira (19 km); 2 de maio: Vila Nova de Cerveira – Tui (23 km); 3 de maio: Tui – O Porriño (23 km); 4 de maio: O Porriño – Redondela (22 km); 24 de maio: Redondela – Pontevedra (24 km); 25 de maio: Pontevedra – Caldas de Reis (23 km); 7 de xuño: Caldas de Reis – Padrón (24 km); 8 de xuño: Padrón – Santiago de Compostela (25 km)

Renovación das pistas de tenis en Areas



O Concello de Tui vén de rematar as obras de remodelación nas pistas de tenis municipais, en Areas, uso habitual da cidadanía e do Club Tenis Tui. As actuacións realizadas incluíron a renovación do valado perimetral, a reco-

cación do valado separador entre pistas, a substitución dos antigos focos por iluminación LED de maior eficiencia e menor consumo, así como o pintado dos vestiarios e do almacén, mellorando a imaxe e funcionalidade deste espazo deportivo.

Candidatura ante UNICEF como Cidade Amiga da Infancia

O Concello de Tui presentou ante UNICEF a súa candidatura como Cidade Amiga da Infancia, co obxectivo de garantir que os dereitos de nenos, nenas e adolescentes sexan unha prioridade real nas políticas municipais. Será no mes de xullo cando

se coñecerán as candidaturas seleccionadas. Entre as iniciativas adoptadas polo Concello para afianzar esta candidatura están o Plan Local de Infancia e Adolescencia e o de participación infantil e adolescente, o grupo, ParTUIcipando.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Saturnino Montero
IMPRESA
TIPOGRAFIA • OFFSET
IMPRESION DIGITAL
C/. Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERIA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACION EN VINOLO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

Cousiñas
TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS
R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

Nattex
Ponteareas
NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 baixo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

TUI

2025

en letras

Contacontos para bebés
"Bichocas" con Xarope Tuliú
Martes 6 de maio, 17.30 h. - Biblioteca Municipal

Presentación do libro "El baúl de la República"
de Laura Martínez Alarcón
Mércores 7 de maio, 20.00 h. - Biblioteca Municipal

Exposición Día das Letras Galegas "Cantareiras: poesía popular oral"
Venres 9 de maio ata o 31 de maio
Anexo da Sala Municipal de Exposicións

Presentación dos libros "Martín no sabe morir" e
"El ruido de los tonos grises" de Lisi Da Silva
Luns 12 de maio, 20.00 h. - Biblioteca Municipal

XVI edición de Tui Le
Mércores 14 de maio - Praza de San Fernando
Actividade organizada polas bibliotecas escolares e
a Biblioteca Pública Municipal

XXVI Feira do Libro Galego
Sábado 17 de maio
Paseo da Corredoira - de 11.00 a 20.00 h:
-17 postos de Librería Iris e Librería Nobel
para venda de libro galego
-Pregón ás 12.00h por Bieito Alonso
-Dúas actuacións de animación para público familiar:
-Ás 12.30h espectáculo para nenos titulado
"Os mundos de Elisa" a cargo de La Compañía Espectacular.
-Ás 18.00h espectáculo de María Faltri titulado
"Cea pandeireta na man"
-Ás 19.00h as cantareiras de Darraia Asociación Cultural

Contacontos para nenos - "Historia fabulosas con maxia"
con Elisa Alfaya
Martes 20 de maio 17.30 h. - Biblioteca Municipal

Presentación do libro "Sobredo 1922"
de Xosé Ramón Paz Antón
Venres 23 de maio, 20.00 h. - Biblioteca Municipal



Contacontos para nenos "Os Descontacontos" con Galitoom
Martes 27 de maio, 17.30 h. - Biblioteca Municipal

Exposición "O Herbario de Rosalia"
2 - 14 de xuño - Anexo da Sala Municipal de Exposicións

CXXXIV Aniversario dos Xogos Florais de Galicia:
Exposición "Tui nas letras"
Dende xoves 19 de xuño - Paseo da Corredoira

CXXXIV Aniversario dos Xogos Florais de Galicia:
Recital poético conmemorativo de Cinto Adhesiva,
con Silvia Penas e Jesús Andrés Tejada
Martes 24 de xuño. 20.00 h.
Espazo socio-cultural rúa Camilo José Cela

Presentación do libro
"Obra en galego de Francisca Herrera"
Seguidamente descubrimento da placa conmemorativa
de Francisca Herrera na casa da familia Areal na Rúa do Pracer.
Xoves 26 de xuño, 20.00 h - Praza do Pracer.



Tui en Letras

Entre maio e xuño, a programación de "Tui en Letras" levará a cabo unha vintena de actividades culturais nas que destacan a celebración do "Día das Letras Galegas" e o aniversario do

Xogos Florais de Galicia, contacontos, presentacións de libros, a XVI Tui Le por parte das bibliotecas escolares e a Biblioteca Municipal e a mostra "Cantareiras: poesía popular oral", entre outras actividades para o fomento da lectura.

Reforma na Casa Consistorial de Nigrán

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, asinou o convenio de colaboración co alcalde de Nigrán, Juan González, para o financiamento do proxecto de reforma interior e mellora da eficiencia enerxética da antiga casa consistorial ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria - Plan Extra. A través deste acordo o organismo provincial achega 653.900€, o 75 % do total, a un proxecto valorado en 871.900€. A obra con-



sistirá na reforma da planta primeira e segunda do antigo edificio do Concello de Nigrán para dotalo de maior funcionalidade.

Concilia Verán en Oia

O Concello de Oia organiza nos meses de xullo e agosto os campamentos Concilia Verán 2025. A iniciativa vai destinada a nenos e nenas de entre os 3 e os 12 anos e se desenvolverá nos CEIP de Refoxos e Mestre Manuel García. Poderán participar na actividade os nenos/as e mozos/as

de entre os 3 e os 12 anos empadroados no Concello de Oia. No caso de que sobrasen prazas, poderán participar menores empadroados noutros municipios. Os prezos públicos establecidos por participante serán de 100€ o mes completo e de 70€ a quincena. Tamén existirá bonificación do 25% para familias con máis de dous neno/as.

Visibilizar o síndrome CTNNB1

O alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuiña, xunto á concelleira Ana Iglesias Rodríguez, recibiron a Juan Luis Carro, representante da Asociación da Síndrome CTNNB1 nas dependencias do Concello, coa finalidade de dar visibilidade e apoio institucional ao tratamento desta condición de trastorno xenético do neurodesarrollo extremadamente raro causado por cambios (variantes patogénicas ou mutacións) no xene CTNNB1.



RESTAURANTE

Pizzeria



SAN MARTÍN

desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

“Abandono” de Telefónica atenta contra patrimonio e seguridade de Santa Trega

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) da Guarda denuncia que, tras catro anos, Telefónica segue sen reparar as infraestruturas de telecomunicacións no Monte de Santa Trega, declarado Monumento Histórico Artístico Nacional en 1931 e Ben de Interese Cultural (BIC).

Tras interpoñer unha queixa formal ante Telefónica, un técnico visitou a zona pero limitouse a colocar unha cinta nun dos postes sen realizar ningunha reparación. A empresa comprometeuse a solucionar o problema



antes do 28 de febreiro de 2025, pero transcorrido o prazo, a infraestrutura segue no mesmo estado de abandono. Ante esta situación, a CMVMC presentou de-

nuncias formais ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e a Secretaría de Estado de Telecomunicacións (SETELECO).

BNG Val Miñor esixe o pleno da Mancomunidade

Lago Pereira e Manuela Rodríguez, representantes do BNG na Mancomunidade do Val Miñor, criticaron a “continuada deixadez” do PP e do PSOE nos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar instando á convocatoria do pleno da Man-

comunidade do Val Miñor que debía realizarse o pasado 12 de marzo coa finalidade de atender o que consideran o “deterioro dos servizos mancomunados” como son os casos da piscina e do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES).

Reforma do campo “O Alivio”

A través do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, o Concello de Tomiño contará con 162.075 € para a execución de novos vestiarios no campo de fútbol municipal “O Alivio”. Desta forma,

proxéctase a escavación e movementos de terra para a adecuación da parcela e a execución das cimentacións precisas, a execución da nova edificación e a demolición parcial de elementos do muro de bloque existente.

Tomiño apoia descentralización en Guinea-Bissau

Teresa Vila, técnica de fondos europeos do Concello de Lugo, e Xoán Amós, axente de desenvolvemento local no Concello de Tomiño, están en Guinea-Bissau para colaborar na descentralización administrativa da Rexión de Cacheu a través do programa Especialistas en Cooperar, impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Intercambiarán experiencias sobre o terreo para mellorar a recadación



de impostos e taxas locais a través de xuntanzas co Goberno Rexional

como dos sectores de Cacheu, Cancungo, Bula e Bigene/Ingore.

Comunidade enerxética no Rosal

Co impulso da UVigo e dentro do proxecto europeo EC4Rural, a parroquia de San Miguel avanza na constitución da primeira comunidade enerxética fóra da zona urbana do Rosal, unha iniciativa pioneira de cara á transición

ecolóxica. A Alcaldesa Ánxela Fernández Callís e o catedrático da UVigo, Xavier Simón, responsable deste proxecto europeo, reuníronse cos membros da Sociedade San Miguel para concretar aspectos como a instalación de paneis solares.

Conectividade co rural baionés

O Concello de Baiona finalizou as obras de acondicionamento do Camiño Lombo, estratéxica para mellorar a mobilidade e a conectividade na zona rural do muni-

cipio, concretamente na parroquia de Baredo. A intervención foi financiada no marco do Plan de Mellora de Camiños da Xunta para o ano 2024-2025, cun orzamento de máis de 52.000€.

“Cousas do Val Miñor” despídese tras quince anos

Dixida por Jesús Bastida desde 2010, a revista “Cousas do Val Miñor” di ‘ata sempre’ cun número de colección de 180 páxinas no que se recolle unha escolma de artigos e reportaxes publicados na revista durante os seus 15 anos

de historia así como un Especial Castela, con seis artigos cunha perspectiva da súa traxectoria máis artística. Se ben a revista xa non sairá en formato impreso, a web seguirá de momento cos seus contidos, accesibles para os usuarios de maneira indefinida.

Derrube no campo de As Gaiandas

Algúns xogadores e afeccionados sufriron o derrube dunha grada no campo de fútbol de As Gaiandas, durante o enfrontamento entre o equipo de Gondomar e o de Valmiñor, sen maiores incidencias que lamentar. O Concello agradeceu o apoio do Subdelegado do Goberno de España, Abel Losada e da Xunta a través do Vicepresidente Diego Calvo.



Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS

Telfs.:
 Oficina: 986 642 507
 Pancho: 616 940 394
 Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
 Dello Rodríguez nº4 baixo
 36860 Ponteareas
 agrovitis@agrovitis.es
 www.agrovitis.es

CRISel
 CONGELADOS

Abrimos de 9:00 a 20:30h
 Merluza austral de a bordo!

Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
 Telf: 672 805 235 - Ponteareas

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
 PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

0 Lanço da Cruz une ao Alto Miño

O tradicional Lanço da Cruz, unha das máis emblemáticas celebracións do Alto Miño, volveu a unir este 21 de abril no río Miño ás comunidades de Cristelo Covo (Valença) e Sobrada (Tomiño), reafirmando os seu valor como Patrimonio Cultural Inmaterial. Esta cerimonia, que marca o punto alto das festividadeas na honra de Nossa Senhora da Cabeça, combina o ritual religioso da tradición cristiá co trazos de antigos cultos paganos ligados ás augas. A presenza de



pescadores, que lanzan as redes en busca da lampreia, reforza esa ligazón secular das comunidades ao río Miño.

GADIS ten “moito que contar”

Supermercados GADIS lanza a segunda edición da súa campaña “Moito que Contar” dirixida aos produtores locais coa finalidade de avaliar o seu labor a través de produtos frescos, saudables e sostibles e a súa importancia para o consumidor. Nesta ocasión a campaña adopta o termo de “A Antemesa”, momento previo ao xantar, con oito pezas de vídeo que amosan de



primeira man as historias detrás
dos diferentes produtores de Ga-

Selo galego na British Medical Journal

Alberto Ruano Raviña e Cristina Candal Pedreira, investigadores do grupo Epidemioloxía, Saúde Pública e Avaliación de Servizos de Saúde do IDIS, publicaron o editorial do último número da prestixiosa revista *British Medical Journal* so-



bre a presión por publicar e as malas condutas científicas nas publicacións e as súas consecuencias na praxis médica. Este editorial reproduce as conclusións realizadas por ámbolos dous autores nun estudo anterior tamén publicado nesa revista en 2024.

O BNG apoia a soberanía de Groenlandia

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda participou nunha delegación a Groenlandia do grupo Verdes-Alianza Libre Europea do Parlamento Europeo, para coñecer de primeira man a situación de Groenlandia, en particular do pobo orixinario Inuit, tralo referendo autonomista celebrado o pasado 11 de marzo.



Desde o BNG pensamos que os groenlandeses teñen dereito a decidir sobre o seu futuro e os seus recursos". Tamén se reuniron con representantes do sector pesqueiro, que representa o 15% da economía groenlandesa.

Segundo Miranda, a denominada "terra verde" vive "un momento de tensión xeopolítica no que están en xogo a súa soberanía e os seus recursos naturais.

Cara a descarbonización da automoción galega

A Xunta abriu ata o 30 de abril a convocatoria de axudas para a descarbonización do sector da automoción galego, cunha dotación total de 14M€ cofinanciados pola UE no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027 e con fondos propios xestionados polo IGAPE

e o INEGA no marco do Plan de apoio á descarbonización e transición ao vehículo eléctrico do sector automoción de Galicia 2025-2027. As empresas de automoción cun centro de traballo en Galicia poden beneficiarse destas subvencións, que poden chegar ata 1M€ como máximo.

Xornalismo e dereito non son equivalentes

Mediante comunicado, a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia rexeitou a convocatoria dunha praza de asesor ou asesora de comunicación na Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artifi-

cial (AESIA) na que se require como titulación "Periodismo, Dereito ou equivalente", e lembra que só os estudos en comunicación garanten un correcto tratamento da información para un posto público. A retribución desa praza ascende aos 91.800€.

De Vigo á Axencia Espacial Europea

O equipo Gemini Polux, formado por alumnado do Instituto IES de Teis (Vigo), proclamouse gañador da fase galega do programa CanSat 2025 da Axencia Espacial Europea e representará a Galicia na final estatal, os días 13 e 14 de maio, no aeródromo de Verín-Oímbra (Ourense). O seu proxecto, inspirado na misión JUICE lanzada en 2023, ten como obxectivo medir o campo magnético e a radiación UV, replicando a exploración das lúas Europa, Ganímedes e Calisto.



Equipo Gemini Polux, formado por alumnado do Instituto IES de Teis (Vigo), proclamouse gañador da fase galega do programa CanSat 2025 da Axencia Espacial Europea e representará a Galicia na final estatal, os días 13 e 14 de maio, no aeródromo de Verín-Oímbra (Ourense). O seu proxecto, inspirado na misión JUICE lanzada en 2023, ten como obxectivo medir o campo magnético e a radiación UV, replicando a exploración das lúas Europa, Ganímedes e Calisto.

Plan Extra para a piscina da Guarda

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, asinou o convenio de colaboración co alcalde da Guarda, Roberto Carrero, para o financiamento do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina municipal ao abeiro do Plan Extra, a través do cal o organismo provincial achega 700.000€ a un proxecto valorado en máis de 2,26M€. O Concello ten tamén previsto recibir da De-



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, asinou o convenio de colaboración co alcalde da Guarda, Roberto Carrero, para o financiamento do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina municipal ao abeiro do Plan Extra, a través do cal o organismo provincial achega 700.000€ a un proxecto valorado en máis de 2,26M€. O Concello ten tamén previsto recibir da Deputación un total de 1,6M€ a través do Plan +Provincia e o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Reforzar a promoción exterior

O delegado do Estado Zona Franca, David Regades, e o presidente da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, José García Costas, rubricaron un novo convenio para a realización de accións de promoción comercial exterior, particularmente as dúas vindeiras edicións da plataforma Vía Exterior,



O convenio focalízase en dous sectores estratéxicos: a subcontratación industrial, mediante unha misión a realizarse entre o 16 e 20 de xuño; e a celebración

da feira Conxemar en outubro. Estas actuacións contan co cofinanciamento dos Fondos FEDER. En canto a Vía Exterior, as em-

presas galegas enfocan a súa atención en mercados como Portugal, Francia, Alemaña, Italia, EEUU, México, Marrocos e China.

Trece cidades nas Feiras do Libro de Galicia

De abril ata agosto e baixo o lema "Onde florecen os libros", a Federación de Librarías de Galicia e a Consellería de Cultura da Xunta realizarán en trece cidades galegas unha nova edición das Feiras do Libro con actividades culturais para grandes e

pequenos, e un 10% de desconto na compra de libros. Esas cidades serán Ferrol (abril), Santiago, Lugo e O Porriño (maio), Redondela e Ourense (xuño), Vigo, Ponteareas e Rianxo (xullo) e, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos (agosto).

Alcaldesa de Redondela perde moción de confianza

A rexedora Digna Rivas (PSOE), que goberna en minoría con Agrupación de Electores de Redondela (AER) perdeu este 5 de maio unha moción de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos municipais cos votos en contra do PP e do BNG.



Non obstante, esta votación en contra non implica a posibilidade dunha moción de censura contra a Alcaldesa, xa que o voceiro nacionalista Xoán Carlos González descartou esa posibilidade coa finalidade de "evitar para darlle o goberno ao PP". Se ben Rivas convidouno a formar goberno, o BNG ven denunciando

os pactos de goberno entre o PSOE e o PP "en prexuízo da veciñanza" especialmente ante temas sensibles como a atención nos centros de saúde, a recollida de lixo, o cobro de facturas pendentes e o PXOM.

Buscan alternativas para o World Car Center

Tralo informe desfavorable de Augas de Galicia para desenvolver o proxecto de Centro de Automoción na zona de Portanet, a Zona Franca de Vigo busca unha localización alternativa para a construción do

World Car Center (WCC). Así, o Consorcio explora un novo emprazamento no entorno do Polígono de Balaídos, centro do HUB automobilístico do noroeste e o máis importante a nivel estatal.

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

Óptica mahen
Ópticos desde 1939
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4